CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES
PUBLICACIÓNS

DOUTRINA E RITUAL DA MOI NOBRE ORDE GALEGA DO SANCTO GRAAL

Vicente Risco

XUNTA DE GALICIA

EDICIÓN FACSÍMILE

TÍTULOS PUBLICADOS:

1. *Lembranza de Ramón Piñeiro: Catro discursos.*
2. *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica. (Edición facsímile. Ferrol 1952-1960)*
3. *A Filosofía Krausista en Galicia.*
4. *Estudios Galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.*
5. *Guía de alimentación.*
6. *Refraneiro galego da vaca.*
7. *O Padre Feixoo, escolástico.*
8. *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía. (Edición facsímile. A Coruña, 1948 - Vigo, 1956)*
9. *Posío (Edición facsímile. Ourense 1945-1946).*
10. *Hamlet e a realidade cunqueirana.*
11. *Repertorio Bibliográfico da lingüística Galega.*
12. *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera. (Edición facsímile. Santiago de Compostela, 1945-1946)*
13. *Plumas e Letras en "La Noche" (1946-1949)*
14. *Informe de Literatura 1995.*
15. *Terra, Mar e Lume.*
16. *Castelao, humorista*
17. *Posío. Arte y Letras. (Edición facsímile. Ourense, 1951-1954)*
18. *Poética da Novela de Autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico.*
19. *Lírica profana Galego-Portuguesa*
20. *La Noche "Suplemento del Sábado" de La Noche.*
21. *O pensamento rexeneracionista de Eloy Luis André (Do europeísmo ó galeguismo).*
22. *A Cruz do Salgueiro. Narrativa Recuperada.*
23. *EUROMOSAIC.*
24. *Video-Libro "Ramón Piñeiro".*
25. *Resol. Galicia (1932-1936)*
26. *Informe de Literatura 1996.*
27. *Cristal. (Pontevedra, 1932-1933)*

DOUTRINA E RITUAL DA

MOI NOBRE ORDE GALEGA DO

SANCTO GRAAL

Vicente Risco

EDICIÓN FACSÍMILE

ESTUDIO CRÍTICO
JOAQUIM VENTURA

Esta edición facsímile do manuscrito da "Doutrina e Ritual da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal" contou cos permisos dos herdeiros legais de Don Vicente Risco e mais do propietario do manuscrito, Don Xosé Lino Vázquez-Monxardín Blanco.

Edita:
XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador científico
CONSTANTINO GARCÍA

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRIO VARELA

Coordinación da Edición
AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ

Deseño, composición e Impresión
Grupo Sanmartín

ISBN: 84-453-2174-9

Depósito legal: OU-98/1998

LIMIAR

Desde a súa mesma apertura, unha das finalidades da tarefa investigadora do Centro Ramón Piñeiro foi dirixida á recuperación, estudio e análise daqueles documentos do noso pasado cultural –literarios e lingüísticos en especial– que foran de interese. E tamén desde o comezo da andaina deste centro unha das vías dese labor de recuperación documental foi a edición facsimilar de significativas publicacións periódicas galegas, en concreto revistas culturais e literarias. Nese ámbito inscríbense os oito facsímiles xa publicados.

Pois ben, nesta liña de investigación e revitalización do noso pasado literario contamos hoxe –e quero adianta-la miña satisfacción ó respecto– cunha nova e importante contribución. Trátase dun singular texto sobre a materia artúrica, Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal, da autoría do ilustre ourensán, Don Vicente Risco, figura fundamental da Xeración Nós e inevitable punto de referencia en calquera panorámica da literatura galega do século XX. O facsímile do texto orixinal, manuscrito polo autor, vai precedido neste caso dunha presentación do profesor Vázquez Monxardín e dun estudio e transcrición textual do profesor Joaquim Ventura.

Estou no certo do alto interese das súas páxinas e da súa utilidade para a comunidade cultural e intelectual de Galicia. Non podemos prescindir de fontes textuais de tanta relevancia como a que agora o Centro Ramón Piñeiro pon a disposición de todos. Non teño ningunha dúbida da ledicia do autor se tivese oportunidade de ver esta obra e, sobre todo, vela estudiada e publicada como a mesma merece. Eu fago miña esa ledicia e quero compartila con todos aqueles para quen Don Vicente foi e continúa a ser un escritor inesquecible.

Por último desexo expresar, persoalmente e como conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, a miña gratitude á familia de Don Vicente Risco, en especial á do seu fillo recentemente falecido, Antón Risco, quen tanto ten colaborado co Centro Ramón Piñeiro, así como á do profesor Vázquez Monxardín, polas facilidades dadas para a publicación facsimilar deste manuscrito.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ÍNDICE XERAL

PRESENTACIÓN, Afonso Vázquez-Monxardín Fernández 7

ESTUDIO, Joaquim Ventura 11

Risco e o Graal 13

Transcrición e notas:

Doutrina da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal, en seis capítulos

Capítulo I. Do Corno de Breogán 23
Capítulo III. Da Espada d'El-Rei Artús 27
Capítulo IV. Da Copa do San Graal 32
Capítulo V. Do Parsifal ou Perceval 34
Capítulo VI. En que decrar'o symbolismo da Orde Galega do San Graal en perguntas e respostas 38

Ritual Da Moi Nobre Orde Galega Do Sancto Graal.

Título I . Do Templo da Orde 46
Título II. Das cousas litúrxicas 47
Título III. Da receución de Postulantes. 48
Título IV. Do Cruzamento de Cabaleiros 51
Título V. Dos Capítulos 53
Título VI. Dos Agapes 55
Título VII. Do Mystéreo do Graal 57
Título VIII. Da recomposición da Espada 59
Título IX. Da Reprobación dos Cabaleiros 61

FACSÍMILE:

Doutrina da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal 65
Ritual da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal 87

ANEXO

A Estrela do Apóstolo (*Nós*, nº 18, xullo de 1923) 105

PRESENTACIÓN

O manuscrito da *"Doutrina da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal, en seis capítulos"* e do *"Ritual Da Moi Nobre Orde Galega Do Sancto Graal"*, consta, no seu estado actual, de vinte páxinas de fino papel amarelento, cunhas medidas, para dezaoito das follas, de vinteún por vinteún e medio cm, escritas por unha soa cara, con tinta de pluma fina e negra coa letra miúda e apertada típica de Risco. O texto, en xeral, aparece moi coidado, mesmo os tachóns son moi pulcros, e vai acompañado de simples debuxos simbólicos (dragón, cáliz, estandarte, escudo, espada...) de liña moi áxil, moi no estilo do autor. Tanto a redacción como a lingua empregada, en correspondencia cunha clara vontade de estilo, son de fondo sabor arcaizante.

A *"Doutrina..."* aparece de dividida en seis "capítulos" (dos que falta o segundo), e o *"Ritual..."* en nove "títulos". Foille entregado por Vicente Risco ó meu avó Afonso Vázquez Monxardín nunha data imprecisa que, sospeitamos na casa, debeu ser por volta dos inicios dos anos vinte. Daquela, a relación entrambos sobrepasaba o estrictamente persoal e tocaba o mundo cultural e político.

No primeiro destes campos, Afonso aparece desde o número nove da revista *Nós* -xaneiro de 1922- ata a interrupción en xullo de 1923, no número dezaoito, como "*Subxerente*" da publicación. Curiosamente é neste último número no que se publica *"A Estrela do Apóstolo"* un a modo de lenda medieval escrita por Risco, que, apunta Joaquim Ventura no estudio que segue do manuscrito, podería estar relacionada co Capítulo II que falta no mesmo. Observando polo miúdo o orixinal, vemos como no remate do Capítulo I, na parte inferior da segunda folla, fallan cinco centímetros e medio do que sería o seu tamaño orixinal, e, na parte superior da terceira folla, onde comeza o Capítulo III, fáltanlle tamén dous centímetros. Parece claro pois que Risco separou o Capítulo II con intención de levar a cabo as transformacións -cambios estilísticos e modificacións ortográficas para darlle apariencia medieval- que lle permitisen axeitalo á súa publicación independente en *Nós*. De isto ser como parece, teriamos como data para o manuscrito algún momento anterior á publicación, a mediados de 1923, de *"A Estrela do Apóstolo"*. O feito de que o publicado sexa unha reelaboración dun seu orixinal, pódenos aínda facer recua-la data da redacción primitiva, cando menos, ata o ano anterior.

Tanto polos fermosos gravados en buxo de Castelao que acompañan "*A Estrela do Apóstolo*", como, sobre todo, para encher ese oco documental e podermos ter unha visión máis aproximada do que había se-lo conxunto do texto completo da *"Doutrina..."*, xulgamos de interese reproduci-lo artigo de *Nós* como *Anexo* na presente edición.

Por outra banda, no campo da acción política, Afonso, con vinteún anos, e poucos días despois de integrarse no organigrama da redacción de *Nós*, acompañou ó grupo ourensán á Asemblea Nacionalista de Monforte (18 a 20 de febreiro de 1922) como se ve na difundida foto da escaleira de pedra do Pazo

do Castelo, onde aparece sentado ó lado dos principais dirixentes do movemento. Logo do resultado conseguido gracias á manipulación ourensá de voto por *Irmandade* no canto de por afiliado, aparece na constitución da radical e sementadora *Irmandade Nacionalista Galega* que agrupaba a tódalas *Irmandades* de Galicia e América, agás o numeroso grupo da Coruña, con vocación máis inmediatista no político. Tódolos poderes na nova organización serán para Vicente Risco, *Conselleiro Supremo*, quen nomeará unha directiva na que Afonso aparecerá asinando a documentación como *Secretario Xeral.*

Esta lembranza que aquí lle quero rendir ó meu avó -gracias a el chegou o manuscrito a nós e, daquela, a vostedes- é unha lembranza a eses poucos centos de homes e mulleres anónimos que formaban a rudimentaria «infraestructura» e a base do movemento galeguista das tres primeiras décadas deste século; colaboradores no senso máis amplo ou simples lectores das súas publicacións, pero nos que ía agromando a esperanza dun país novo e distinto da man da palabra e ideais con que os intelectuais trataban de definir un país que, necesariamente, había de ser feito entre todos.

Nunca foron moitos e se cadra non tiveron un éxito absoluto na tarefa de abrírense e gañaren unha sociedade escéptica que se mantiña á expectativa, pero gracias a eles, os dirixentes, as figuras coñecidas daquel movemento, non foron predicadores no deserto senón que tiveron un público diverso, como diversa é a lembranza e interpretación que deles permanece. Esas xentes pertencían, por forza, maioritariamente ó mesmo núcleo social -liberais urbanos- que os líderes, e íanse abrindo, canda eles, á realidade asolagadora da descuberta de Galicia.

Sinalemos tamén que o manuscrito presentado, aínda que non inédito, carecía ata o momento dunha edición en condicións. A Fundación Penzol conta desde hai máis de vintecinco anos cunha fotocopia proporcionada por meu pai, Xosé Lino, para estar alí a disposición dos investigadores. Froito desta achega son tres edicións:

Na primeira[1] e con grafía revisada segundo os criterios da revista, son incluídos os textos dos capítulos I, III, IV e V da *"Doutrina..."* (pero ningún do *"Ritual..."*) baixo o título conxunto "Encol do simbolismo do Grial" e sen máis explicacións ou comentarios que unha nota a pé de páxina que di: "Traballo inédito que deixara o autor de propia man".

A segunda aparición[2] resulta moito máis interesante aínda que de case imposible consulta. Na efémera revista *Bonaval* (só saíu o número cero) correspondente ó inverno de 1979, e baixo unha pequena introducción ("Prólogo que debería ser innecesario", asinado por Ramiro Fonte), atopamos unha transcrición

1. Risco, Vicente: "Encol do simbolismo do Grial"; *Grial*, nº 46, outubro-decembro 1974, pp. 426-433.
2. Risco, Vicente: "O Santo Graal", *Bonaval,* nº 0, inverno 1979, Santiago, pp. 37-51.

do conxunto do manuscrito respectuosa coa grafía utilizada. Os títulos de *"Doutrina..."* e *"Ritual..."* así como os debuxos que acompañan ó texto, aparecen reproducidos facsimilarmente ó longo das páxinas do artigo. Outros seis debuxos de Alfonso Sucasas contribúen á súa ilustración. Desgraciadamente carece de estudio crítico e o prólogo só nos dá noticia da intención frustrada dos autores de facer un facsímile completo así como os nomes das persoas -Luís Mariño e Carlos Casares- que lles proporcionaron noticia da súa existencia e a fotocopia do documento. Ademais, dun xeito moi arriscado faise a atribución da maior parte dos debuxos a "algún amigo" de Risco -cousa a todas luces tan innecesaria como errada-, ou establécense relacións estilísticas con Alvaro Cunqueiro e non aparece mentado, por exemplo, Ramón Cabanillas, en quen Risco debeu exercer unha influencia semellante por paralela á de Murguía en Pondal.

A recente publicación[3] das obras completas de Risco fixo saír de novo á luz o texto, mediante unha transcrición completa do mesmo pero coa grafía revisada e unificada segundo os criterios da edición do conxunto da obra. Obviamente non é unha edición crítica nin aparecen reproducidos os debuxos.

Daquela, a pesar destas tres publicacións máis ou menos parciais, xulgamos interesante unha edición crítica, como a presente, que mesmo reproduza en facsímile o manuscrito -texto e debuxos- e que o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literiarias Ramón Piñeiro tivo a ben propoñernos, por iniciativa do Sr. Emilio Álvarez Rey perante o Director Xeral de Política Lingüística.

Para rematar, unha curiosidade. Risco, que como antropólogo ben sabía do valor destas cousas, "xogou" en numerosas ocasións -unha delas comentada neste manuscrito por Joaquim Ventura- a formar unha etimoloxía popular para Galicia partindo de "cáliz". As implicacións mítico-relixiosas para o topónimo e a súa integración na cosmovisión risquiana da vida eran sumamente atractivas, aínda que a el non lle puidesen caber dúbidas sobre a "racional" orixe prerromana.

O que non podía imaxinar Risco era que moitos anos despois, se demostrase que efectivamente esa confusión entre "Galicia" e "cáliz" xa se producira na historia dun país atlántico e que dera lugar, nin máis nin menos, que ó actual escudo da nosa terra[4]: Na Inglaterra da segunda metade do século XIII, no armorial denominado *Segar's roll* -unha das varias compilacións de escudos de armas de nobres e Reinos da Europa do momento- aparecen, como *emblema parlante*, uns *cálices* para significa-lo escudo do

3. Risco, Vicente: *Obra Galega Completa*. Tomo V, Editorial Galaxia, Vigo, 1997, pp.733-767.

4. Menéndez Pidal de Navascués, Faustino: "El origen inglés de las armas de Galicia", *Actas del coloquio Galicia en la Edad Media, 1987*, Sociedad Española de Estudios Medievales, Madrid 1990, pp. 15-24.

   Vid. tamén: Bugallal y Vela, Jaime: "Origen y evolución de las armas de Galicia" na entrada "Galicia" da *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo 15, Santiago 1980, pp.43-65.

daquela inexistente *Rei de Galicia*. Sabendo como sabemos que a lingua culta da corte inglesa era entón o anglo-normando, é ben fácil supor que a semellanza fonética entre *Galice* e *calice* produciu a asunción do símbolo relixioso como signo de identificación da terra. Logo, nos armoriais franceses, ingleses e alemáns desde o século XV, a representación icónica de *emblemas parlantes* doutros reinos da península (un león para León, un castelo para Castela, unha granada para Granada) contribuíu a fixar, sen dúbidas, o cáliz para Galicia. E desde Inglaterra, vía relacións marítimas, chegaría a Betanzos e Viveiro onde están as nosas representacións máis antigas. A continuación e seguramente combinando xa varias vías de chegada, espallaríase e transformaríase a representación do escudo. A asimilación *Galice - calice* non era rendible, non podía funcionar entre nós por seren ámbalas dúas palabras alleas ó noso sistema lingüístico; sen embargo, por *iconoloxía popular* o símbolo cáliz dos escudos, interpretado como emblema eucarístico, asociouse axiña co privilexio expositor da Catedral de Lugo e, daquela, sobre o cáliz situouse a hostia. A grande importancia do fenómeno relixioso nesta terra (Santiago de Compostela, o Camiño...) debeu facilita-las cousas.

Supoño que Risco estaría encantado. A realidade achégase á explicación mítica por el soñada.

Ourense, xaneiro de 1998

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández.

ESTUDIO

Joaquim Ventura

RISCO E O GRAAL

Vicente Risco escribiu a Antón Losada Diéguez unha carta[1] (datable posiblemente en xaneiro de 1922) na que lle dicía:

> (...) *Eu fixen o seguinte: comprometín ô Cabanillas pra que me fixera un poema sobre cada unha destas 4 cousas: O Corno de Breogán, A Estrela do Apóstolo, A Espada del Rey* [sic] *Artur e a Copa do San Graal, sobre as lendas que eu fixen e que el adornará ô seu xeito. Logo eu escribirei unhos* [sic] *comentarios longos con obxecto de adoptarmos esas lendas e faguer coelas definitivamente o noso ciclo épico relixioso* (...).

Os capítulos I, III e IV do manuscrito que editamos levan por título exactamente os mesmos que lles daba Risco na súa carta a Losada Diéguez. Posible consecuencia do compromiso que tomaría Cabanillas sería *Na noite estrelecida*, aínda que sen casar cos temas propostos. Resulta difícil afirmar se no presente manuscrito están esas 'lendas que eu fixen' ou eses 'longos comentarios'. De calquera xeito resulta evidente que entre uns e outros habería unha estreita relación de partida, datable presumiblemente en 1922.

A tese máis plausible sería a de situar a orixe destas lendas creadas por Risco na obra de Manuel Murguía, *Galicia* (1885, citarei pola edición de Xerais. Vigo, 1982). Murguía referíase a diversas crónicas irlandesas, entre elas o *Libro dos Catro Mestres*, chamado en gaélico *Lebhar Gabala* ou *Libro das invasións*, para situar a chegada mitolóxica, desde Galicia, dos conquistadores da illa verde que venceron aos Firbolg.

---

1. Arquivo Losada Diéguez (Pazo de Moldes, Boborás).

Risco reproduciu algúns capítulos desta crónica (os que falaban da chegada dos 'galegos' a Irlanda) na revista *Nós* (números 86, 88, 92 e 95, 1931), seguindo a edición bilingüe gaélico-inglesa de MacAlister e MacNeill que atopara en Berlín (cf. *Nós* núm. 89, páx. 93). Uns anos máis tarde publicou, tamén en *Nós* (números 139-144, 1935), *A leenda do Graal*. Para Risco, as lendas serían útiles xa que *"conteñen a esencia da tradición dos pobos. A yalma dos pobos esprésase nas leendas d'unha maneira nidia e imediata"* (op. cit. 176). E sintetizaba a lenda nos termos seguintes: "*O San Graal é a copa, fabricada de preciosa materia, na que o Noso Señor Jesu-Christo, consagrou o viño na Santa Cea na qu'istituiu o Santo Sagramento da Eucaristía. No Santo Gra[a]l foi pol-o tanto onde por primeira vez o viño converteuse no sangue de Jesu-Christo*" (op. cit. 177).

Mais moitos destes datos que artellaban a lenda estaban na literatura post-artúrica, nomeadamente nas versións de Bonilla y Sanmartín. Quizais o que máis nos interesa é a fonte da liturxia que Risco incorporou. Para isto temos unha referencia que permite acoutar mellor unha posible datación para o manuscrito: o artigo *O Movemento Pan-celtista*, asinado por S.N. [Risco], no número 63 de *Nós*, de marzo de 1929. Desde certo tempo atrás chegaran á redacción da revista algunhas publicacións bretonas, enviadas con toda certeza por Philéas Lebesgue.

Neste artigo viña unha reseña do *Gorsedd*, asociación herdeira do antigo Colexio dos Druídas, presente en Gales, Cornualla e Bretaña, membro da cal era Lebesgue. Entre as cerimonias que celebraban os membros do *Gorsedd* estaba

> *a xuntanza dos dous anacos de espada do Rei Artús. A leenda refire qu'Artús partíuna en dous anacos e profetizou que cand'iles se xuntaran, a Céltiga inteira había recobral-o seu esprendor. Na xuntanza do Gorsedd collen os druidas os dous anacos da espada, xúntanos e átanos c'unha fita das coores das difrentes bandeiras: é o símbolo da unión das terras céltigas* [...] (op. cit. 41).

A proposta da "*Moi Nobre Orde...*" podería ser, pois, o xerme dunha sección galego-portuguesa do *Gorsedd*.[2]

---

2. Podería haber, pois, unha dobre xénese do manuscrito. Risco tería escrito a "Doutrina" a comezos dos anos vinte e de aí tiraría o capítulo de "A Estrela do Apóstolo" para *Nós*. O texto manuscrito ficaría mancado e estéril ata que descubriu o ritual do Gorsedd bretón que lle mandara Lebesgue. Iso animaríao a redactar o "Ritual", engadindo o capítulo VI e mais os debuxos do dragón, do cáliz e da espada.
A prol desta hipótese teríamos a referencia que dá no Título VIII do "Ritual" das cores nacionais do cordón que anoa a espada.

Resulta difícil establecer a seriedade do proxecto. Se ben Antón Risco, descoñecedor ata hai pouco da existencia deste manuscrito, expresoume en máis dunha ocasión o seu escepticismo -"sería unha *coña* de meu pai"-, hai diversos elementos que fan sospeitar unha intención máis firme ca dun simple divertimento.

Temos outra carta de Risco a Antón Losada Diéguez (que podemos datar en outubro de 1919)[3] na que lle comentaba a preparación da Asemblea Nacionalista de Santiago e as discrepancias sobre a ampliación ou non do movemento:

> (...) *Eles din que é pra que se nonos tache d'hermetismo y-exclusivismo. O Noguerol opina, e ten razón, que o hermetismo y-o exclusivismo son a nosa úneca e verdadeira forza. Esa amplitude vai contr'as nosas ideias de sindicación masónica* (...).

Esta opinión non podemos afastala das lecturas que Risco fixera de diversos autores (especialmente Rudolf Steiner) máis ou menos vencellados á renovación dos Rosacruces. Esta irmandade, reorganizada desde o século XVII en diversas sociedades, chegou a ter claras concomitancias coa francmasonería (no século XVIII compartían edificio en Londres; o rosacrucismo era o 18 grao dos masóns de rito escocés) e, entre as bases da súa doutrina, estaba a recuperación do misterio do Graal.

Doutra banda, non podemos esquecer que os anos nos que situamos a hipotética xénese do manuscrito –xa que logo da parte do "Ritual"– serían os da dictadura de Primo de Rivera, durante os cales toda actividade política partidista estaba prohibida (agás a da Unión Nacional) e nos que Risco -mesmo que Losada Diéguez- tería queimado o seu prestixio político tralo fracaso coma deputado provincial nomeado a dedo.

Unha orde coma a proxectada por Risco faría converxer no seu seo as diversas ideas que caracterizaban a teoría nacionalista de Risco: hermetismo, elitismo, catolicismo esotérico, nacionalismo lendario, fidalguía, cerimonial. Risco, seguindo a Murguía e adaptándoo, fixo a súa propia lenda sobre a chegada de poboadores a Irlanda, lenda artellada sobre unha base histórica máis ou menos difusa.

---

3. Arquivo Losada Diéguez (Pazo de Moldes, Boborás).

(...) puede decirse que a la antigua Hibernia sólo llegaron las últimas oleadas de las grandes emigraciones europeas. Se distinguen generalmente tres tipos principales: el más bajo es una raza dolicocéfala, de cabello negro y piel obscura, llamada a veces firbolg de acuerdo con ciertas tradiciones irlandesas y que los antropólogoso han calificado diversamente de neolítica y no aria. Y también de ibérica o rama de la raza mediterránea. Las gentes que subyugaron a este pueblo eran, por el contrario, una raza alta y rubia, conocida en la tradición irlandesa con el nombre de Tuatha-de-Danaan, y de la cual se ignora si era escandinava o hablaba celta. Tras ella vino la invasión gaélica, ocurrida probablemente dentro de los tiempos históricos, la cual consistía en una raza que hablaba celta y de la que procede el tipo que en la actualidad predomina en Irlanda (EUI Espasa Calpe vol. 28 páx. 1960).

Godofredo de Monmouth, na súa *Historia Regum Britanniae* (cito por *Historia de los Reyes de Britania*, Siruela. Madrid, 1984; páx. 42), tamén recollía a chegada a Irlanda de xentes procedentes da Península Ibérica. Dicía que, nas Illas Orcadas (no extremo occidental de Escocia), o rei Gurgüint atopou trinta naves (lembremos que os celtas tiñan unha base de cálculo sesaxesimal) con expulsados de Hispania (*basclenses*), aos cales lles foi concedido habitar Hibernia, daquela deserta.

Indo a uns breves datos históricos, en 1850 a.C. os celto-ligures estaban situados na zona comprendida entre o Danubio e mais o Oder ao leste; os Pirineos, o Mediterráneo e os Alpes ao sur; o Atlántico ao oeste, e os mares do Norte e Báltico ao norte. Comezaron a súa expansión cara á Península Ibérica, Gran Bretaña e ás illas do Tirreno. En 1600 a.C. o límite occidental da cultura do bronce chegaba ata as zonas orientais de Irlanda e da Península Ibérica, situación que se prolongou trescentos anos nesta derradeira zona.

A cultura dos campos de urnas apareceu en 1200 a.C. na Europa central e chegou no século VII a.C. á zona ibérica mediterránea. Cen anos máis tarde, a cultura de Hallstatt, tamén céltica, ocupou Centroeuropa e mais o norte do centro da Península Ibérica (na súa fachada atlántica, mesmo que nas Illas Británicas, seguían os celto-ligures). Entre os séculos IV e III a.C. apareceu en toda a Europa central a cultura céltica de La Thene (galos) que no ano 145 ocupaba dous tercios da Gran Bretaña, momento da romanización da Bética e da Tarraconense (Colin McEvedy, *The Penguin Atlas of Ancient History*. Penguin Books, Harmondsworth (Middlesex), 1986 [1967]).

Polo tanto, os primeiros poboadores de Galicia-Lusitania e de Irlanda terían unha mesma orixe, a celto-ligur. Sen embargo, tiñan unha fonda separación territorial (mar polo medio) e temporal (máis de dezasete séculos de vida afastada). Calquera posible contacto entre eles sería feito a traveso de intermediarios, xa que logo comerciantes fenicios ou tartesios. Risco, dun xeito interesado ou incons-

ciente, confundía ós "irmáns" irlandeses dos galaicos, os lendarios *firbolg*, cos tamén lendarios Tuatha de Danaan. Estes foron vencidos polos gaélicos, base da actual poboación irlandesa.

A idea central de Risco, ao artellar esta historia lendaria da expansión galega cara a Irlanda, non era só a de reafirmar a nobre orixe celta de Galicia senón facer desta o punto de partida das xentes que poboaron o país celta por excelencia, Irlanda. E para establecer ese núcleo en Galicia tomou as lendas irlandesas transmitidas ao longo dos séculos e recollidas no *Leabhar Gabala,* e a principal lenda que une o misterio da vella mitoloxía celta co cristianismo: o rei Artús e mais o Graal. E así, o que foron historias de aventuras -perdida posiblemente a súa carga simbólica cando as escribiu Chrétien de Troyes para diversión das cortes de Flandres e da Champaña-, foron resimbolizadas para crear un corpus mitolóxico galego propio: o Graal era galego como era galega a espada Escalibur e galego era o Montsalvat(ge) wagneriano, denominación so a cal non había senón o Cebreiro. E se o Graal tivo uns cabaleiros na Idade Media, ¿como non ía telos en Galicia, na nova Idade Media que a redención nacionalista anunciaba?

Risco pensaba que dándolle outra volta á cristianización da lenda, non facía senón celtizala máis cando, en realidade, se producía todo o contrario: coa materialización ou obxectualización dos seus compoñentes simbólicos (o Graal, a espada, a lanza), estes perdían o seu valor principal, o simbolismo, só comprensible nun contexto celta e pagán. Este celtismo engadido non deixaría de ser un celtismo de manual, collido de autores tomados por celtas ou paraceltas, cando non deixaban de seren carne de románticos: Thomas Malory, Elias de Boron, Tenysson, MacPherson.

Pero Risco partía, amais doutras, dunha premisa falsa fundamental: os textos artúricos escritos a partir do século XII xa non eran celtas nin pretendían selo. Cando os normandos conquistaron Inglaterra, despois da batalla de Hastings (1066), levaban con eles xentes bretonas (descendentes dos britanos chegados no século V). Nas viaxes de ida e regreso entre a illa e o continente trouxeron as lendas deprendidas no país conquistado. Sobre todo, as lendas daqueles que recibiran aos normandos coma liberadores da opresión saxona: os vellos celtas de Cambria e de Cornualla, arrecunchados nos fisterras británicos polas invasións xermánicas. Lendas transmitidas polos bardos e que falaban da idade de ouro galesa (séculos V e VI) e que, anos despois, serían recollidos nos contos chamados *Mabinogi.* E cando estas vellas lendas célticas chegaron a Normandía, reencontráronse coa tradición bretona veciña. E de contado cobraron prestixio: moito valor debía ter o pobo que resistira cinco séculos aos saxóns, agora vencidos polos normandos.

Os novos reis anglo-normandos precisaban adoptar un pasado prestixioso e por iso, obras coma a *Historia Regum Britanniae*, de Godofredo de Monmouth (cóengo no colexio proto-universitario de Saint George, Oxford, a comezos do século XII), viñeron encher ese oco. Facía remontar as orixes dos britanos a Bruto, un neto de Eneas o troiano, e narraba a súa historia ao longo de

dezanove séculos. Nesta historia incluía personaxes lendarios (Uterpendragón, Artús, Merlín, Gawain, Mordred, Xinebra). A obra era pro-celta por ser, obviamente, pro-normanda e anti-saxona. A fixación literaria dos protagonistas e da 'marabilla' (os heroes, as aventuras, o misterio, as armas, o graal) levou a Chrétien de Troyes a escribir as obras coñecidas coma 'materia de Bretaña', entre elas *Li contes del Graal*. Novas obras en prosa proseguiron a saga dos cabaleiros á procura do misterio do Graal, as máis famosas das cales foron *La Quête du Graal*, traducido á lingua portuguesa no século XV co título de *A Demanda do Sancto Graal*, i *La mort le roi Artur*, recompiladas na chamada *Vulgata* ou Pseudo-Map.

Nesta progresión literaria -desde Chrétien aos continuadores- habería dous fíos conductores que evolucionaban en paralelo: o papel dos heroes e a simboloxía da 'marabilla'. Cada novo heroe supón un salto cualitativo en relación ao anterior. Erec esquece o seu deber de cabaleiro polo amor (*Erec et Enide*) mentres que Ivain prefire a aventura ao amor (*Li chevaliers au lion*). Lancelot, que chega a un alto grao coma cabaleiro, ten riba de si o pecado de adulterio coa raíña Xinebra (*Li chevaliers à la charette*). Perceval non era un cabaleiro calquera senón que tiña a misión de ser o mellor (autonomía absoluta: debe quedar orfo de nai e deixar a Brancaflor). O contrapunto é Gauvain, compañeiro de Perceval e de Ivain, que só acada o primeiro grao da iniciación cabaleiresca: non se decata do Graal, é egotista e desconsiderado coas mulleres. Perceval, en troques, acada nivel dabondo para curar ao rei tolleito e ver o resplandor do Graal (*Li contes...*). Lancelot, privado da honra a causa do seu adulterio, verá recompensado o seu valor no seu fillo Galaz, a quen el mesmo arma cabaleiro, o elixido para atopar o Graal (*La Quête...*).

O outro proceso -que é o que máis nos interesa aquí- é o da evolución do simbolismo dos obxectos do ciclo. Do simbolismo pagán de orixe celta, aínda presente na aventura do Perceval de Chrétien (o *tailleor* ou prato que devolve a riqueza ao reino de Logres curando ao rei tolleito coa lanza que sangra), pasamos á cristianización desa simboloxía -por influencia directa de San Bernardo de Claraval- no *Parzival* de Wolfram von Eschenbach (o prato pasa a pedra preciosa que só aparece o día de Venres Santo, presidido por unha pomba). Rachada definitivamente a simboloxía, a progresiva obxectualización derivará cara á reconstrucción dunha lenda cristolóxica (*La Quête...*) co Graal convertido en cáliz, no cáliz que recolle o sangue de Xesús, primeiro o do Calvario, despois o viño consagrado na Santa Cea.

Risco, pois, colle ambos os dous extremos, a orixe celta e a materialización cristiá, e fúndeos nun tempo e nun espacio que lle son propios: unha Galicia eternamente remedievalizada. E, do mesmo xeito que en algures definía aos nacionalistas galegos coma os novos Tuatha-de-Danaan, deseña a necesidade de devolver mesianicamente á súa terra o esplendor perdido. Por iso reconstrúe unha nova lenda que de contado converte en historia, na Historia de Galicia.

E dúas serían as fontes -atrévome a decir que únicas- que traballaría Risco para elaborar o seu particular ciclo do Graal: o argumento do *Parsifal* de Wagner e a versión castelá, feita por Bonilla y Sanmartín, de *Libros de Caballerías. O Baladro de Merlín. La Demanda del Santo Grial.* E mais a súa imaxinación, claro está.

Transcrición

e notas

DOUTRINA DA MOI NOBRE ORDE GALEGA DO SANCTO GRAAL, EN SEIS CAPÍTULOS[1]

Capítulo I. Do Corno de Breogán.

Aconteceu qu'aló no tempo antigo, cando na Eirim andaban os Danand[2] a loitaren cos escuros Fir-Bolg[3] habia antr'os Celtas nosos abós qu'ocupaban a nosa Terra inteira unha tribu antr'as tribus mais nobre qu'as demais, e chamabase a tribu dos Brigantes y-afincara nas Mariñas de Brigantium. E esta tribu tiña un rey chamado pol-o seu nome Breogan, fillo de Braha, neto de Deyaha, descendente en liña reuta de Fenn, do nobre y-antiga Raza de Gael.

Mais iste Rei Breogan dos Brigantes[4] foi quen fundou a Brigantium, na terra das Mariñas, e mais tamén â Cruña, e coma sabía ler o porvir nas estrelas, ergueu tamén unha Torre que lle servira d'oservatorio, e esta Torre foi chamada logo a Torre d'Ércoles, pol-as mintiras dos Gregos e pol-a iñorancia das xentes[5].

---

1. Falla o capítulo II. O título II podería ser "A Estrela do Apóstolo"–, dato que podemos deducir da carta de Risco a Antón Losada Diéguez citada e correspondería ao artigo publicado en *Nós*.
2. Fai referencia aos mitolóxicos guerreiros irlandeses dos Tuatha de Danaan (ou Danann), poboación de orixe escandinava ou celta.
3. Os primeiros habitantes de Irlanda, non indoeuropeos, de pel morena. Posiblemente, serían de orixe mediterránea.
4. Murguía (1982:246) escribía dos 'bergantiños' que *"el fondo étnico de su población* [da Coruña] *es esencialmente ariano. La tribu bergantina -la más pura y heroica de la raza céltica- ocupa desde una remota antigüedad el fecundo territorio que todavía lleva su nombre"*.

   Bergantinos serían, amais dos habitantes de Betanzos (lat. *Brigantium*), os habitantes de Braganza (lat. *Brigantia*), cidade portuguesa que compartiría topónimo latino coa austríaca Bergenz e cunha antiga cidade na ribeira do Ebro, capital dos cántabros xuliobriguenses; tamén designaba ao lago suízo de Constanza (lat. *Brigantinus lacus*). Doutra banda, os brigantes eran un pobo da Britannia romana na rexión de York (lat. *Eberacus*). Os topónimos con sufixo -brig poderían proceder da raíz celta homógrafa, que significaba ponte (cf. ang. *bridge* e *Iuliobriga*, 'Ponte de Xulio'); en troques, a verba céltica *brigand* -emparentada coa ital. *briga*, 'revolta'-, 'montañés, ladrón' pasou a moitas linguas europeas (gal. e cast. 'bergante', cat. 'bergant', fr. 'brigand'). En consecuencia, nin os bergantinos nin Brigantium serían exclusivos duns supostos antigos poboadores de Galicia.

   Murguía asociaba estes bergantinos aos milesios, pobo de orixe escita (de Mileto) que pasou a Creta e a Exipto, regresou a Escitia para chegar posteriormente á península ibérica, desde onde foron a Hibernia: *«(...) ciertos pueblos conocidos con el nombre de* milesianos *y que eran originarios de nuestra Galicia, desembarcaron en Irlanda; batieron a los Tuatha de Danaan y se apoderaron del país»* (Murguía 1982: 129-130). Estes milesios poderían estar emparentados cos gálatas (celtas da Asia Menor) pero, de ningún xeito, serían o pobo vencedor dos Tuatha de Danaan.
5. A orixe do faro sería, moi probablemente, fenicia pola importancia que tiña o porto da actual cidade da Coruña, na ruta atlántica do estaño.

E mais Breogan tivo catro fillos, que foron Ith[6], e Ameirgen, y-Ebero, y-Eremon[7]. Ith adicóuse â guerra; Ameirgen â poesía y-ô canto; Ebero âs cerimonias da relixon y-Eremon ô estudo das cencias. E na Torre de Breogan puxeron un espello no que se vían todal-as cousas do mundo, por ben lonxe qu'estiveran.

Mais unha vez rubiu Ith, fillo de Breogan, â Torre do seu pai, pr'oserval-os catro puntos cardiais, e mirando car'ô Norte, mirou unha illa lonxana, unha terra irmâ da nosa, "com'ela verde, com'ela ermosa" y-entrou na cobiza d'ir a ela. E baixou, e relatou o que vira ôs seus irmans y-ô seu pai Breogan, e determiñaron d'ir a conquerila.

Enton el-Rei Breogan rubiu â Torre e tocou o seu Corno, chamando en catro direiciós, pra que s'ouvira en toda a Pátrea dos Celtas. E enton acudiron os feros Brigantes, e os Bretons de corpos ben compridos, e os Nerios queimados do vento mareiro, y-os Presamarcos, domeadores de cabalos salvaxes, e os Artabros fortes, e os Medulios da serra e os Trivios, e os Spacos, e os Nemetanos[8] e as tribus todas dos xenerosos Celtas, todas en armas, e de cada unha, Breogan escolleu mil dos mais valentes, y-embarcaron con Ith, fillo de Breogan, en barcos de vimbio cobertos de pelicas curtidas, e Breogan cos outros seus tres fillos rubiu â Torre pra mirar coma marchaban os barcos de coiro ond'iba Ith, fillo de Breogan, neto de Braha, bisneto de Deyaha, descendente en liña reuta de Fenn, da nobre y-antiga Raza de Gael.

Mais Ith, fillo de Breogan, e os Celtas galegos qu'iban na sua compaña en barcos de coiro, chegaron a Eirim a Verde, e loitaron en guerra coas xentes qu'elí había, mais Ith n-unha batalla foi ferido e morto... E chegou a nova a Breogan, rei dos Brigantes, ô qu'obedecían os Celtas todos da Galiza, e com'o soupo rubiu â Torre do Faro Brigantiño, e dend'elí tocou o Corno en catro direiciós, pra que viñeran todol-os guerreiros de todal-as tribus, e axuntados qu'estiveron, B[r]eogan mandounos pra que foran, mandados polos tres fillos que lle quedaban y-eran Amairgen y-Ebero y-Eremon, a Eirim a Verde, pra vingar a Ith seu irmau.

E veleiqui qu'Amairgen y-Ebero y-Eremon eran bardos e cantaban acompañandose con gaitas e con harpas d'Ouro[9]. E partiron polo mar adiante, e cando chegaron a Eirim a Verde, ô pôr o pé no chao,

---

6. Murguía (1982: 130) escribía que Henry Arbois de Jubainville (Nancy 1827-París 1910), autor do *Cours de litterature celtique, "fiel a su sistema pretende hallar* [en Ith] *el Prometeo irlandés"*, que sería quen *"condujo los celtas gallegos a las llanuras de la nueva patria. Era hijo de Breogán, el que erigió la gran torre de Brigantia"* (ibidem). *"Negad si quereis la existencia de Ith, y de una plumada borrad los orígenes gallegos de los milesianos que consquistaron Irlanda"* (op.cit. 138).

7. Segundo Murguía (1982: 130), *"(...) Eber y Ereamon"*.

8. Murguía (1982: 112) collía de Plinio os nomes destas tribos. Os ártabros serían tamén chamados arrotrebas; os nerios e os proesamarcos serían os mesmos; os medulios ou *medulii* (op. cit. 118 n2) poboarían a Medulia, a rexión que atravesaba o río Sil; os tribios e os nemetanos poderían ser tamén os mesmos e pertencerían a un pobo astur que habitaba a rexión de Nemetóbriga, cidade da zona de Tribes no camiño de Braga a Astorga; dos spacos non atopei referencia ningunha.

9. Esta observación é invención de Risco. As únicas referencias aos instrumentos dos bardos que atopei refírense a premios en concursos e consistían en arpas de prata.

Amairgen cantou unha saga que se conserva ainda nos códices irlandeses[10]... E logo, loitaron feramente, e vingaron a Ith, fillo de Breogan, e conqueriron a Eirim a Verde y-Eremon foi o pirmeiro Rei d'Eirim... Y-aló foi tamén o Rei Breogan pra ver ôs seus fillos, y-eli morreu.

Cand'a triste nova da morte de Breogan se soubo na Galiza, houbo gran doo en todal-as tribus e viuse chorar ôs guerreiros todos, os que lle faguian o pranto e cramaban que querían ver ô seu xefe difunto, e mais os Brigantes querían tel-os seus ósos... Enton dispuxeron os fillos de Breogan e mandaron a Lughaigh, fillo de Ith que traguera a Galiza o corpo morto do Rei.

E chegou Lug[h]aigh, co corpo do seu abó ô Porto Grande dos Artabros, ond'está o Faro dos Brigantes, que é a Torre de Breogán, e por diante do corpo do Rei desfiaron todol-os guerreiros de todal-as tribus,e dempois o corpo enterrárono debaixo da Torre, e son os ósos que se ven no escudo da Cruña[11].

Enton Lughaigh figo coñecer a todos o Testamento de Breogan, que lle deixaba ôs Celtas Galegos o seu Corno de guerra, co-estas verbas:

> *"Cando a Galiza, herencia da nobre y-heroica Raza dos Celtas, esquecida das suas leis e dos seus costumes, asoballada de xentes estranxeiras, apareza sumida no sono noxento da escravitude, cando todo pareza perdido, e non alumee nin o estrelecer d'uhna pequena espranza na negra so[m]bra qu'ennoiteza â vosa Terra.*
>
> *Enton soará de novo o Corno de Breogán a sua chamada y-o seu son irá no vento, antr'o fungar dos rumorosos pinos.*
>
> *E ô seu són han espertar os bós e xenerosos, os que s'axuntarán e s'erguerán en Irmandades, â espreita da chegada do qu'axuntará os dous pedazos da Espada.*
>
> *E qu'un dia, dend'o Faro dos Brigantes o soar do Corno de Breogán anu[n]cie ô mundo inteiro a Restauración definitiva da Pátrea dos Celtas: Galiza Ceibe!"*[12]

---

10. Escribía Murguía (1982:239) que *"Amador de los Ríos (Historia de la literatura española tomo II p. 458) dice que entre los poemas célticos, 'pone O'Flaherty algunos pasajes tomados de Amergin, bardo español, hermano de Heremon, primer rey de Irlanda'. Según las crónicas irlandesas, Amairgen, apodado rodillas blancas, pertenecía a la familia real de los brigantinos. Su padre, Breogan, para vengar la muerte de Ith, le envió a Irlanda con sus hermanos Emero y Eremon. En el trayecto perdió a su mujer Seene. El poema que cantó al poner el pie derecho en tierra irlandesa, se conserva en varios mss. y fue publicado en la colección* Trans. of the Ossianic Society *(...). Otras dos poesías de este bardo (...) se encuentran incluidas en el* Leabar Gabala *(...)".*

11. Resulta obvio que a orixe dos ósos cruzados e mais da caveira que aparecen no escudo da cidade herculina non é esta.

12. Estas verbas, claro préstamo pondaliano, resultaban claramente inducidas polo nacionalismo de Risco.

Os fillos de Breogan istituiron na Eirim os Mystéreos dos Bardos, e logo, os sabios fixéronse Druidas. O Druidismo espallouse por todolos paises Céltigos[13] mais preseguido polos Romaos y-os Saxons, tivo que ser praiticado d'ocultis. Os Bardos[14] de mais sona foron Taliesin en Cambria e Ossian e Fingal na Eirim. A Orde foi reformada por Merlin no século V. Os Estatutos escribironse no ano 940 e reformáronse no 1078 por Gryffyth ap Conan, e restaurouse en Londinum en 1781 e d'eli pasou a Francia, Alemaña y-América. En 1861 tívose o Gorsedd arredor do dolme de Glamorganshire[15].

Os sete paises céltigos son a saber:

Caledonia, que se chama Highlands (Escocia).

A Illa de Man.

Cambria, que se chama Gales (Inglaterra).

Cornubia, que se chama Cornwall (Inglaterra).

Eirim, que se chama Irlanda.

Armórica, que se chama Bretaña (Francia)[16].

Galiza.

---

13. O druidismo sería privativo dos celtas da Galia de onde pasaría a Gran Bretaña. Obviamente, os outros pobos celtas -coma todos os pobos antigos- tiveron a súa caste sacerdotal pero non eran propiamente druídas.

14. Os bardos formaban un xeito de caste lírica de grande importancia social. Eran privativos dos celtas británicos e coa romanización e mais a invasión saxona marcharon cara ao que hoxe é País de Gales, Escocia, Irlanda e Armórica (retomando neste caso a vella tradición gala). Taliesin foi un bardo galés (seguramente entre os séculos V e VII). Ossian e mais Fingal foron bardos irlandeses, seguramente do século III. No século XVIII MacPherson compuxo uns cantos, supostamente feitos por Ossian, o heroe dos cales era Fingal.

15. Estes datos son históricos agás do paso so bardismo a Alemaña e América, onde non pasaría do mimetismo. Glamorganshire (Morgannwg) é o condado de Cardiff, a capital de País de Gales.

16. Risco, na súa vontade de ser didáctico (notade a fórmula 'a saber'), amosaba certa confusión entre as denominacións na lingua propia, en latín e en galego dos países celtas. Evidentemente, son inadmisibles a consideración só das Terras Altas escocesas como país celta e non de Escocia enteira, e situar Gales e Cornualla en Inglaterra en troques de Gran Bretaña. Doutra banda, sempre escribe 'Eirim' en troques de Eirin, xenitivo de Éire, o nome gaélico da illa de Irlanda.

Capítulo III. Da Espada d'El-Rei Artús[17].

El-Rei Artus de Cambria, principe dos Silures[18], que viñeran das veiras do rio Sil, usou sempre a Espada Máxica Scalibor, que tiña puño d'ónix. A Espada Máxica Scalibor estaba encantada na illa d'Ons, que é â entrada da Ria de [Pontevedra][19]. Unha águia poderosa tíñaa collida nas garras, y-estaba ademais gardada por un dragon.

Aconteceu que adoecido o Príncipe dos Diaños do Inferno pol-a padricación do Santo Apostol Santiago, e de Xosé d'Arimatheia[20], e mais de San Patrick e do San Columban[21], que todal-as almas do Oucidente lle tiraban das poutas, chamou a consello a todol-os demos, e pol-o consello que lle deron, mandou â Terra un d'eles disfrazado, pra que, entrando c'unha virxe cristiâ, enxendrara un fillo que fose o destrutor da caste dos homes. O demo aquil foi parar na cas d'un fidalgo bretón que tiña tres fillas moi fermosas,

---

17. A importancia das espadas e das lanzas nas lendas artúricas -alén da súa posterior simbolización literaria- tiña a súa orixe no culto que os celtas rendían ás armas. Esta espada non era privativa de Artur. Geoffrey de Monmouth recollía na súa *Historia Regum Britanniae* (1984: 150) que Artur, cando vai combater aos saxóns -erguidos en armas despois de se render- que atacaban Britannia, *"(...) cínguese a Caliburn, a espada sen par que foi forxada na illa de Avalon (...)"*.

    En *La mort le roi Artur* (Alianza Tres, Madrid. 1980: 193), cando está a agonizar, o monarca toma Escalibor e di que é a mellor espada despois da do Estrano Talabarte. Despois, por tres veces, ordena a Girflet que a bote a un lago, cousa que finalmente fai. Unha man tómaa, axítaa no ar e métese na auga (op. cit. 199).

    Gauvain leva a espada Escalibor na aventura da doncela de *Li contes del Graal:* di que é a mellor espada que nunca existiu, que talla o ferro coma se fose madeira (Chrétien, Quaderns Crema, Barcelona 1989: 117-120).

18. Os silures eran un pobo céltico que habitaba no actual País de Gales e tiñan -segundo Tácito- orixe ibérica. Resistiron medio século despois que Claudio convertese Britannia en provincia romana. Risco aproveita a denominación deste pobo para facelos orixinarios da zona do Sil.

19. Sorprende que Risco o deixase en branco por non saber onde se atopa a illa de Ons.

20. A figura de Xosé de Arimatea, o amigo de Xesús que estivo con María no Calvario e que deixou unha sepultura para que o enterrasen, non aparece nas narracións da 'materia de Bretaña' de Chrétien de Troyes nin nas lendas célticas nin no *Parzival* de Wolfram. Sería o elo de enlace entre as lendas célticas sobre o graal e o vaso da Santa Cea -de vaso de servir o alimento que dá vida, que salva, pasaría a conter o sangue de Cristo vertido na cruz e de aí a conter o sangue resultado de consagrar o viño–. Apareceu por primeira vez en *La Quête du Graal*, cando a simboloxía estaba plenamente cristianizada e obxectualizada.

21. Esta comparación, amais de falsa, é anacrónica. Santiago Alfeo, aínda aceptando a tradición da súa evanxelización en Galicia, era do século I. En troques, san Patricio evanxelizou Irlanda no século V e Columbano foi un dos monxes irlandeses que expandiron o cristianismo celta por Europa, cos *conventi scoti*, entre os séculos VI e VII. Supoño que Risco faría referencia ao Columbano evanxelizador dos pictos escoceses a partir de 563.

y-a mais nova[22], anque lle resistiu, non pudo impedir qu'o demo, de noite mentras durmía, estivera co-ela y-a deixara preñada. Enton meterona n-unha torre pra logo ser xuzgada conforme â lei qu'habia no pais.

Y-estando a dona presa na torre, pariu un neno todo negro e peludo, e ficou chea de medo, mais a creanza con gran asombro d'ela, falou e dixolle: "Non pasedes medo, ña nai, que non vos son o demo". Mais un Santo de Deus chamado Bras[23] pillou ô neno, e bati[z]ouno, e puxolle por nome Ambrosio[24], co que ficou bulrado o Principe dos Diaños do Inferno! E cando levaron â nai ond'os xueces, o pequeno que non tiña mais que seis meses, falou eli, e perguntoulle a un d'iles quen era il pra xuzgar â sua nai, se il era fillo adulterino do Prior dun convento. E com'era certo, os xueces, pra tapal-o asunto, tiveron que deixar solta â dona.

Mais o Santo Brás, pra termar que non foran preseguir ô pequeno, pillouno e levoullo ô Gran Mestre dos Bardos, que era enton Taliesin, pra que termara d'il. E Taliesin colleu ô pequeno, e púxolle por nome Merlin y-ensiñoulle a chave dos outos symbolos e mystéreos, o principio das tres vidas: o Abysmo, a Terra e o Ceo. E Merlin deprendeu a profetizar pol-os astros e mais a tomal-a somellanza qu'il queria untándose co zume d'unhas erbas, e a movel-as pedras meirandes sen contauto, e a voar montado n-un veado qu'il domesticou, e a compoñer versos e tocal-a harpa. E cando tivo os anos, Taliesin consagrouno coma Bardoprofeta.

E logo Merlin serviu coma Bardo a Uter Pendragon, Rei de Bretaña, ou Albion, e namentras reinou Uter Pendragon, Merlin acometeu y-acompriu tres empresas, a saber:

---

22. Geoffrey de Monmouth (1984:107) recollía a orixe de Merlín, fillo dunha princesa de Demecia (norte de Gales) e dun íncubo ou diaño de forma masculina. A presencia deste diaño sería simplemente simbólica e non implicaba -como quería ver Risco- unha actitude activa e belixerante por parte de Satanás. Risco non incorporaba -probablemente por descoñecemento- a simboloxía que Geoffrey atribuía ao nacemento de Merlín (os dragóns branco e vermello, as pedras, as profecías). Geoffrey aproveitou, posiblemente, unha referencia anterior, recollida na *Cronica Latina* erroneamente atribuída a un suposto Nennius, onde o mago aparecía asociado ao arquetipo de San Ambrosio, un dos padres da Igrexa e conversor dos derradeiros arrianos. O autor normando amplificou as profecías e aproveitou o nome mitolóxico dun encantador e profeta celta, Myrddhin, na súa obra *Vita Merlini* (>1148).

    Nin nos textos de Chrétien nin no *Parzival* de Wolfram tiña especial protagonismo. Foi Robert de Boron quen vencellou a Merlin co ciclo do Graal. No século XV, un tal Elías de Boron aproveitou a sona deste apelido para escribir *Le Conte du Brait Merlin*, traducido ao castelán por Bonilla y Sanmartín a comezos do noso século, versión que sería a que coñecerían Risco e mais Cabanillas.

23. San Brais foi, segundo a lenda, médico e bispo en Armenia no século III, onde obrou moitos miragres. Foi martirizado por non abxurar. Non atopei ningunha referencia que o relacionase con Merlín.

24. Godofredo de Monmouth tamén recolle este nome para Merlín.

A pirmeira foi qu'habia na Eirim tres circos de pedras[25], ergueitos eli pol-os fillos de Breogan, e chamábanse Kor-y-Keuri, ou sexa a Danza dos Xigantes, e n-as coviñas qu'habia n-elas detiñase a auga do ceo e fechaba as feridas e daba a vida, y-orredor medraban erbas salutares. E Uter mandou en precura d'aquelas pedras 15.000 homes e nonas poderon mover, mais Merlin co son da sua harpa, moveunas e fixoas vir pol-o ar... E d'estas pedras hai moitas na nosa Terra, que cecais sexan das que trouxo Merlin.

A segunda foi que Merlin descobriu e trouxo a Táboa Redonda ond'o Noso Señor ceou cos Apóstoles na Cea Derradeira[26], e levouna pra Kardenil, corte d'El-Rei Uter Pendragon, y-eli foi istituida no dia de Pentecostés a Orde da Táboa Redonda, e sentarons'a ela 50 cabaleiros e homes de ben do reino, mais ficou un sitio libre reservado pr'o que trouxera o San Graal.

A terceira foi que veu â illa d'Ons, e coa harpa adormeceu ô dragon, e sacou a Espada Máxica Scalibor das garras da Aguia, e levouna escondida pra devesa onde se xuntaban os Bardos.

Uter Pendragon tivo amores con Igerna, muller do duque de Tintadiel, da que tivo un fillo que se chamou Artús Pendragon, e Merlin recolleuno e levouno â devesa dos Bardos y-elí, o vello Autor daballe mantenza e Merlin dáball'enseño.

E cando Uter morreu, Merlin dixo ôs seus leudes[27] que pregasen a Deus qu'os alumease pr'escoller un Rei, e qu'agardasen â festa do Nadal. Conque namentras qu'a xente estaba na Misa do Galo na Catedral de Kerleon[28], foi Merlin e puxo a Espada Scalibor deitada no adro, cun letreiro que decia: "Aquil que conseguir erguerme será Rei pol-a vontade de Xesucristos". E cando sairon da Misa do Galo, os grandes,

---

25. As alineacións circulares de pedras son frecuentes en Irlanda. Son os chamados *hillfort* (Dun Aengus, Tara, Navan Fort), tamén presentes en Gran Bretaña (Maiden Castle). Tiñan unha función defensiva e algunhas foron construidas en época histórica (séculos V-VI d.C.). Non terían que ver cos círculos de pedras coma o de Stonehenge, lugar claramente dedicado aos cultos solares (e reivindicado polo neodruidismo).

26. Isto é unha invención de Risco. Pase que a cristianización da simboloxía artúrica levase a facer do graal o vaso onde Cristo consagrou na Santa Cea. Pero de aí a considerar que a táboa fose a futura Táboa Redonda de Artur... En realidade, a táboa que, segundo *La Quête...*, Xosé de Arimatea levou a Logres foi a do Santa Graal -que tiña o Asento Perigoso ou de Xosofes, que tiña que ocupar Galaz-, que formaba unha trindade de táboas xunto coa da Santa Cea e mais a Táboa Redonda.

27. Verba de orixe xermánica e transcrita nas formas latinas *leudes*, *leudis* e *leodis* na documentación franca, goda e xermánica. Sinificaba 'home' e pasou a designar aos homes libres subordinados a el-rei. Nun sentido restrinxido referíase aos nobres que formaban a corte real en tempos de paz.

28. Risco -mesmo que Cabanillas en *Na noite estrelecida*- tomaron a Misa do Galo coma a ceremonia onde se descubría o cabaleiro que podía levar a espada para procurar o Graal. Sen embargo, na tradición artúrica esta ceremonia tiña lugar na Misa de Pentecostés (*Li Contes del Graal*, Chrétien 1989: 84; *La Quête du Saint Graal*, Alianza Tres, Madrid, 1986: 142). Perceval chega a Dianasdaron en Pentecostés e comeza o seu segundo ciclo de aventuras (*Li Contes...* 71) e, tamén neste día, Lancelot arma cabaleiro a Galaz (*La Quête...* 15).

o Arcebispo o pirmeiro, foron probando un por un, a ver s'era que podian erguel-a Espada, e nono conseguiron, porque sómentes o chamado a guiar â Raza Céltiga poderia erguela... Por iso foi que chegou Artus e podeu, e colleuna y-ergueuna e mesmo que si fora unha pluma. E Merlin de[s]cobriu a sua orixe e puxérono por Rei.

E Artús, axudado por Merlin defendeu con vitoria as terras dos Celtas, e ganou moitas batallas contra dos Saxons, e restabeleceu a Santa Relixion Cristiã nas terras céltigas, e instituiu a Segunda Táboa Redonda, e pol-o consello de Merlin, mandou ô mais puro dos cabaleiros Sir Galahad que fora en demanda do San Graal, e deixoulle´ o posto reservado na Táboa Redonda.

E conqueriu Caledonia, y-Eirim, y-Armórica, e Galiza, e tamén Skandia e Islandia e Gothlandia e Jutlandia, e reinou logo en paz, e foi a Paz Artúriga, que foi posibel porque todal-as nazós céltigas estaban axuntadas n-un sóio reinado, porque o reinado da Raza dos Celtas é o reinado da Paz. E tivo todo aquil tempo a Espada Scalibor metida na vaina e coa punta posta pr'â Terra, en siñal de Paz[29].

Mais veleiqui coma se perdeu a Paz: Artús casouse con Xinebra filla do duque de Cornubia, e socedeu qu'un dos cabaleiros da Taboa Redonda, Lancelot do Lago, armado cabaleiro por Artús, tivo amores coa Raiña Xinebra, e a irmâ d'Artus qu'era a fada Morgaña, descobriunos, e Artus perseguiu a Lancelot, e Lancelot fuxiu... Mais vendo a Artus apenado e sen ánemos, o seu sobriño Mordred dixolle que mandara a Merlin buscar unha erba máxica que se cria na devesa de Broceliande, que é na Armórica, coa que curaria o seu mal. E asi foi; Merlin partíu, e chegou â devesa de Broceliande, y-eli atopou a Bibiana, fada de moita fermosura, e namoricouse d'ela, e púxose a ll'ensiñal-a Arte Máxica...

Namentres foi Mordred e chamou ôs mouros da Hespaña pra que lle deran ausilios, y-axudado por iles, quitoulle a Artús a croa... Artus defendeuse, y-ainda perseguiu a Mordred y-ôs Mouros hastr'os chaos da Limia, mais elí trabouse batalla, e no fragor da loita, a Espada Scalibor rompeuse en pedazos, Artus ficou malferido e tivérono que sacar do campo e levárono â illa d'Avalon, no Mar Atlántico, onde xaz coidado por nove virxes, y-os exércitos d'Artus ficaron encantados e transformados en mosquitos a voar por riba da Lagoa, agardando qu'os tempos sexan chegados. E Mordred fixose dono do reino d'Artus, e repartiu cos Mouros[30].

---

29. Resulta claro que isto era unha esaxeración de Risco. O Artur lendario, menos aínda o Artur literario, nunca tivo estas posesións aínda que Godofredo de Montmouth llas adxudicase coma resposta a un ataque danés. Doutra banda, este ideal de armonía entre as nacións celtas non deixaría de ser un desideratum xa que as loitas entre pictos e irlandeses foron habituais durante moito tempo.

30. Risco e Cabanillas tomaron o Monsalvat[ge] que Wagner situara nos Pirineos e trasladárono ao Cebreiro. Se na ópera *Parsifal* os mouros non tiñan papel (serían simplemente un enemigo xenérico), en Risco a oposición celtas-mouros (Perceval- Mordred) equivalía á súa particular interpretación da oposición galegos-casteláns (Euroiberia-Afroiberia).
Pero Risco facía unha lectura moi súa das traizóns e así sitúa Mordred, que traicionou ao rei Artur, no lugar de Klingsor, o traidor de *Parzival*. Este cruzamento, en realidade, sería consecuencia do cruzamento do papel dos heroes, xa que Risco atribuía a Artur o poder de arranxar a espada rota, potestade que na *Quête* correspondía a Galaz.

E cando voltou Merlin, que leixara a harpa esquecida en Broceliande[31], e viu a disgracia d'Artús, siñal do cautiverio da Raza Céltiga, desesprado dos agoiros, voltou a Broceliande, y-eli Bibiana qu'o amaba, pra non perdelo, encantouno n-unha torre qu'ergueu c-un desconxuro, y-eli ficou Merlin profetizando...

Mais Lancelot arrepentido vingou a Artús, matou ô treidor Mordred e botou ôs Mouros fora de todalas terras dos Celtas, si ben moitos ficaron n-elas encantados, cos seus tesouros... A Raiña Xinebra meteuse monxa e Lancelot con Hector de Mares últemo que quedou da batalla da Limia, foronse d'ermitaños...

Namentras, Sir Galahad chegou a vel-o San Graal, que ficou no Monte Cebreiro, hastra tanto qu'asegún a profecia de Merlin, non torne o Desexado qu'está na Illa Encoberta pr'axuntal-os pedazos da Espada partida na batalla da Limia contra dos Mouros da Hespaña, e fundal-a Terceira Táboa Redonda, ond'o anunciado Perceval, diante dos bós e xenerosos congregados ô son do Corno de Breogan, vendo chegadol-os tempos, fará brilar a Estrela por riba do San Graal...

31. Broceliande é un lugar da Bretaña que a tradición, despois da chegada dos britóns a Armórica no século V, vencellaba coas lendas artúricas.

Capítulo IV. Da Copa do San Graal.

Asegún conta a Beata Ana Cateliña Emmerich[32], a Copa do San Graal era feita d'unha sustancia descoñecida, que non parecia pedra nin metal, senon mais ben com'unha especie de vexetación; tiña duas asas e mais un pé feitos d'ouro virxe, onde tiña grabada unha cangalla d'uvas e mais unha cobra. Tiña tapadeira, e dentro levaba outro vaso mais pequeno e mais un prato ou patena, y-orredor outras seis copas somellantes, y-ainda unha culler... Iste vaso estivo na y-Arca de Noé e pertenceu logo ôs Patriarcas da Antiga Lei. N-il foi ond'o Sumo Sacerdote Melchisedech, Rei de Salem, oferceu o viño a Abraham. Logo estivo nas mans de Moisés, e figurou no Templo de Xerusalem, hastra qu'ô fin ficou esquecido, y-os sacerdotes vendérono antr'outras cousas vellas e mercouno unha muller chamada Seraphia, ou Verónica, na casa da que foi a Santa Cea y-eli consagrou Noso Señor o viño, e verificouse o mystéreo da Transubstanciazon. Eli foi ondo colleu Xosé d'Arimatheia, e cando axudado de Nicodemos baixou ô Noso Señor da Cruz recolleu na Copa o Precioso Sangue que colaba das Cinco Chagas. E aquil sangue tiña a virtude de dal-a vida eterna, non somentes âs almas, senon tamén ôs corpos...

Os Xudeus colleron a Xose d'Arimatheia, sacaronll'a Copa e meterono na cadea; mais os Anxos baixaron do Ceo, sacaronll'a Copa ôs Xudeus y-o Noso Señor apareceulle a Xosé na cadea e voltoulle a Copa. E todol-os anos, pol-o Viernes Santo, beixaba do Ceo unha pomba e renovaba a virtude de Santa Copa... Cando Tito Vespasiano tornou a Xerusalem, Xosé d'Arimatheia, despoixas de 42 anos de cadea, foi posto en liberdade. E cand'iba vello, caía n-un éstase ou letargo, do que, pol-a virtude do San Graal saia novamente tan mozo coma cando viu morrer ô Noso Señor. E d'iste xeito viviu pol-o menos hastr'a seculo XIII da nosa Era, pois por aquil tempo ainda xantou â mesa c'un Bispo Armenio qu'estivo n-Ingalaterra.

E cando Xosé, en compaña co Santo Apostol Santiago, veu a Galiza a padrical-o Evanxeo ôs Celtas nosos abós, trouxo coil a Copa Santa e istituiu a Orde do San Graal, a que dempois de morto o Apóstolo tivo a sua Séde no Pico Sagro, hastra que non viñeron os Mouros, qu'enton levárona ô Monte Cebreiro, y-eli mantívos'oculta, na posesión da Reliquia Santa. Y-en lembranza d'elo, no escudo d'armas da Galiza, púxose antremedio de Sete Cruces,

---

32. [Flamske 1774-Dülmen 1824]. Monxa alemá que, desde ben nena, sentiu a vocación relixiosa. Oraba axeonllada sobre anacos de madeira e tivo os sinais da crucifixión de Cristo, incluidos os estigmas da coroa de espiños. Dictou diversas obras (falaba no dialecto de Westfalia) ao escritor romántico Clemens Brentano, que as transcribía a alemán estandar. Descoñezo a cal das obras faría referencia Risco. Realmente, sorprende que fose capaz de dar unha descripción tan detallada do graal cando nun principio era un simple prato de servir...

o San Graal en campo d'azur, y-arredor a iscrición que di: MYSTERIUM HOC FIRMITER PROFITEMUR, pra que de todol-os galegos sexa venerado, y-en lembranza de tan santo CALIZ a nosa Terra foi chamada CALIZA, mudándose despois en GALIZA en lembranza dos GALO-BRETÓS, fillos de Breogan que a habitan[33].

Cand'El-Rei Artús istituíu a Segunda Taboa Redonda, deixou n-ela un sitio pr'ô qu'houbera de conqueril-o San Graal, e mandou a Sir Galahad, fillo de Lancelot do Lago en demanda do San Graal. E partiu Sir Galahad, y-arribou â nosa Terra, e chegou ô Monte Cebreiro, e foille manifestado, porqu'era nobre e puro e limpo de curazon, o Mystéreo do San Graal. Mais ô tempo, xa os Mouros d'Hespaña venceran a El-Rei Artús e partíranll'a Espada, na batalla da Limia, y-os cabaleiros da Táboa Redonda estaban encantados na lagoa, y-o mesmo Artús ferido estaba de morte, e na illa d'Avalon durmia, de xeito qu'o San Graal no Cebreiro ficou, y-elí estará, oculto ôs ollos de todos, namentras non veña o qu'ha xuntal-os pedazos da Espada d'Artus, que ha sel-o Restaurador da Táboa Redonda. Amen.

---

33. Esta falsa etimoloxía non resiste a máis mínima concesión. Doadamente podemos imaxinar que esta versión a inventou Risco a partir do proceso de cristianización do vaso do Graal, proceso que levou aparellada a súa materialización. En orixe, a principal cualidade do Graal era o seu resplandor, capaz de apagar as candeas acesas nunha sala (*Li Contes*... 78; *La Quête*... 28). Aparecía coma isótopo do corno da abundancia e o que nun principio era *un graal* (un *tailleor*, unha bandexa de servir), pasou a ser *o graal* e, decontado, *o Santo Graal*, sen perda dos seus atributos e da súa condición de obxecto de prezo, con pedras.

A restauración do Graal actuaría coma símil da restauración da fertilidade en Logres. Ninguén o sostiña cando servía as táboas (*La Quête*...) e, coma símbolo de pureza e castidade, preservaba con vida durante unha semana a quen o contemplase (*Parzival*).

Manuel Murguía (1982:136) soupo decatarse moi ben da súa asociación mitolóxica á relixión cristiana: «*Lo que deriva de la fuente tradicional, tiene siempre el encanto de las cosas que pasaron, tiene también su realidad (...). Como en el vaso del Graal, [que] encierra la sangre de redención y de nueva vida*».

Wolfram von Eschenbach asociábao, en tanto que pedra preciosa, a unha esmeralda, pedra emparentada con Venus e con propiedades coma refrear os impulsos carnais, curar as doenzas, conservar a saúde e conceder riquezas (Cirlot 1985: 32 de *Breviari d'amor*, texto provenzal do século XIII).

Mais o graal non ía só senón que formaba un todo coa espada e mais a lanza, trindade xa presente na mitoloxía céltica atribuída aos Tuatha de Danaan: a pedra *liafan*, a espada *nuada* (que fería e sanaba, tallaba e cauterizaba) e a lanza Lughaid (que emanaba luz) (Statz, *La búsqueda del Graal*, Cielo y Tierra, Barcelona 1985: 121). Lembremos que esta relación se establecía nos textos de Chrétien e de Wolfram igualitariamente entre a lanza que sangra, a espada rota (ou que se rompe), o vaso (graal) que emite luz e mais a doenza (castración) do Rei Pescador ou Tolleito. A partir de *La Quête*... o Graal tomou unha posición preeminente.

Capítulo V. Do Parsifal ou Perceval.

Hase de saber que a estórea que se conta no libro da Demanda do Santo Grial[34], ou sexa a fazaña de Sir Galahad, fillo de Lancelot do Lago e cabaleiro da Segunda Táboa Redonda, refirese ô Tempo Pasado, e refire as cousas atal é coma foran acontecidas na época groriosa d'El-Rei Artús, que foi no século V da nosa Era Cristiá, Mais [a] estorea de Perceval -en alemán Parsifal- que contan Wolfgang d'Eschembach e mais Ricardo Wagner, refirese ô Tempo Futuro, e prefigura a costitución da Terceira Táboa Redonda, que ha de vir, somentes que nin Wolfang d'Eschembach nin Ricardo Wagner coñecían a Terra ond'o prodixo ha d'acontecer, nin tampouco o nome do héroe qu'ha de acometel-a empresa y-acompril-a, o qual é chamado n-unhos lados Artús, e n-outros Sebastian[35], mais iles chamaronlle co nome symbólico de Parsifal que é Perceval.

E veleiquí a estórea:

No cume do Monte Cebreiro está o Castelo do Monsalvat, ond'os Cabaleiros do San Graal gardan a sua preciosa reliquia. Titurel foi o fundador d'aquil reino. Todolos anos o Viernes Santo, baixa do Ceo unha pomba a renoval-a virtude do San Graal.

Mais o mouro hespañol Klingsor[36] quixo ser Cabaleiro do Graal, pro com'era vicioso e malvado, Titurel nono admitiu. E Klingsor, pra poder resistir ôs seus deseios, capouse, e enton Titurel espulsouno da Terra do Graal. E Klingsor por vinganza fixo pauto co demo, y-o demo deulle un espello pra ver todo o que pasaba n-un radio de 6 légoas, e fixoll'un castelo encantado n-un xardin cheo d'encantos sedutores, pra que n-il caisen en pecado os cabaleiros do Graal.

---

34. Risco dános explicitamente a súa fonte: *La Demanda del Santo Grial* era o título da traducción de Bonilla y Sanmartín.
35. Risco asociaba, e non por casualidade, o papel mesiánico de Artús co mesianismo portugués á espera do regreso de Don Sebastião, o monarca morto na batalla de Alcasar-quivir (1578), feito que abriu as portas para que Portugal pasase á coroa española con Felipe II. Sen embargo, Perceval -malia o que di Risco- non tería esta consideración, nin tan só mitoloxicamente. Doutra banda, resulta incrible esta capacidade profética que Risco amosa cando di coñecer o que Wolfram e Wagner non saberían.
36. Mesmo na ópera de Wagner, Klingsor non sería español e menos aínda mouro, senón un mago. Tampouco faría un pacto co demo.

E o Rei Anfortas, fillo de Titurel, entrou no xardin de Klingsor e saiulle Kundry, muller qu'estaba sometida â influenza máxica de Klingsor. E Anfortas pecou con Kundry, e cando quixo atacar a Klingsor coa lanza de Lonxinos, vai Klingsor e quitoulla, e feríu coela a Anfortas no peito[37], e Anfortas dóese sempre d'aquela ferida, da que non poderá sanar namentras non chegar un ser de curazón puro e limpo de mal, o que ha recobral-a lanza de Lonxinos e coela ha tocal-a ferida d'Anfortas, e d'iste xeito, Anfortas sanará.

Mais un dia chega â devesa sagrada de Salvaterra un rapaz que parece tonto, e iste rapaz mata un dos cisnes[38] sagrados do Graal. E os cabaleiros collen ô rapaz e lévano ô vello Gurnemanz, e Gurnemanz pergúntalle quen é, e coma se chama, e quen é seu pai, e com'eli chegou. Mais o rapaz só sabe qu'a

---

37. A ferida do rei Amfortras variou segundo foron avanzando os relatos. Se nos primeiros a lanza feríalle nos xenitais ('canda a coxa'), e de aí a esterilidade do rei e do país, despois pasou a ferirlle na coxa e, finalmente, na costado (coma o centurión feriu a Cristo). Ficaba perdido, pois, todo simbolismo, igual que sucedía coa lanza (cristianizada coma 'lanza de Lonxinós', nome paradigmático do centurión do Calvario: *longinos* é lanza en grego) que fería no costado ao rei.

38. Istas dúas circunstancias están presentes desde Perceval e pertencen claramente á mitoloxía universal. A inxenuidade de Perceval ven sendo asociada ao mito do parvo (puro por pasiva, por incapacidade de maldade), de fonda tradición folclórica: o Bon Jan catalán, o Juan Llanas castelán, o personaxe gilvicentino de Joane o Parvo do *Auto da Barca do Inferno*, as 'festas dos tolos' e o ciclo dos inocentes na Idade Media. Entre o Perceval de Chrétien e o Parzival de Wolfram habería un paso considerable de cristianización, asimilando a súa inocencia ás benaventuranzas ('Benaventurados os mansos, porque deles será a terra', Mateo V 3-10).

Perceval / Parzival fica abraiado cando atopa uns cabaleiros (saxóns) no bosque. Cando marcha da súa casa vai vestido dun xeito basto, aos ollos dos autores respectivos, aínda que, en realidade, ía vestido ao xeito dos celtas, é dicir cunha túnica con mangas que non chegaba aos xeonllos, cunha capa de la (*sagum*) de cores rechamantes con carapucha e calzas:

«(...) unha grande camisa de cánabo e cirolas feitas á guisa de Gales, onde fan, así mo parece, cirolas e calzas dunha peza; e tiña unha cota con carapucha, pechada ao redor con coiro de cervo» (*Li Contes...* 35).

«[a nai de Parzival] elixiu tecido de saco para facerlle camisa e mais calzas, todo tallado dun só anaco, que lle chegaba á metade da perna espida; e amais un pucho para a cabeza e as orellas» (Wolfram von Eschenbach, *Parzival*, UBA. Buenos Aires, 1947, 20-21).

A segunda circunstancia, a morte dunha oca [Risco di un cisne] por Parzival, simbolizaría un paso iniciático: o abandono da dependencia materna. A oca era considerada un animal benéfico, asociado tradicionalmente á Grande Nai (e de aí a súa consideración de animal tabú nos países nórdicos); amais era un animal de vixilancia: matando a oca mataba simbolicamente a dependencia da nai.

Nas lendas célticas sucedía unha cousa semellante. Coñecemos o ritual e mais o proceso iniciático dos heroes irlandeses por unha parte do *Táin Bó Cuailnge* dedicada aos *macghnímbartha* e a empresa infantil de Cú Chulainn. Así o recolle Proinsiac MacCana (*I Celti*, Bompiani, Milán 1991: 654-655) e di que este mítico heroe irlandés, o nome do cal significa literalmente 'can de C[h]ulann' (Chulainn é o xenitivo de C[h]ulann), abandona a protección materna e chega á corte real de Emhain Mhacha. Nos *filidh* nárrase como deixou a súa casa no Ulster para se incorporar a un grupo de rapaces, futuros heroes na corte. Neste grupo é un rapaz anónimo. Chegan as diversas fases da iniciación: asumir un novo nome, despois dunha fazaña (lembremos que Perceval, para gañar o seu nome, 'o galés', ten que iniciar unha aventura). Na casa de Culann é atacado por un can gardián e, distraidamente, mátao mentres continúa xogando. Culann protesta dicindo que a súa propiedade ficou indefensa. O rapaz comprométese a substituír o can -por el mesmo- e de aí que o druída lle poña por nome Cú Chulainn.

sua nai se chamaba Erzeleide[39]... E mais Kundry cando non está influenciada por Klingsor, sirve ôs Cabaleiros do Graal, e está con Gurnemanz. E Kundry sabe que Erzeleide morreu. E Gurnemanz leva ô rapaz ô Monsalvato. E no Monsalvato vaise celebrar o Mysterio y-as campás están a chamar. E están os Cabaleiros xuntos, e Titurel no seu leito quere aínda ver o Graal por derradeira vez, e manda a Anfortas que o descubra, e faino e os cabaleiros cantan o hino do Graal... Mais Parsifal está calado e Gurnemanz pensa que non comprende e bótao fora do Monsalvat.

E Parsifal vai dar ô Xardin de Klingsor y-as mulleres-froles queren seducilo e non poden, porque ten o curazon puro e limpo de mal. Mais ven Kundry e Parsifal resiste a Kundry. E Kundry chama a Klingsor, o Mouro español. E chega Klingsor coa lanza de Lonxinos e coela quer atravesar a Parsifal, mais a lanza fica suspensa no ar, e non fire ô ome puro, senon que iste pilla a lanza, e coela fai o siñal da Santa Cruz. E enton o Castelo encantado de Klingsor vense abaixo y-o Mouro fica sepultado debaixo das pedras, e mais o xardin múrchase todo e fica convertido n-un ermo poeirento.

E Parsifal vai enton en Demanda do San Graal. E leva a lanza de Lonxinos, pro non se defende coela; e leva armas de coor negra, e renuncia â paz e mais ô amor, namentras non atope o San Graal. E vai polo mundo adiante.

E namentras, a Santa Comunidade do Graal, caeu na meirande miseria, e está de todos esquecida e iñorada. O vello Gurnemanz, cheio de tristura foise a faguer a vida de ermitaño penitente, nunha probe choupana, e Kundry está-o servindo. E un dia chega â choupana de Gurnemanz o Cabaleiro Negro Parsifal. E ô velo, o vello Gurnemanz recoñece a lanza de Lonxinos e mais tamén recoñece ô rapaz qu'un

39. Non sería tal profecía senón, simplemente, o argumento da ópera *Parsifal* de Wagner, lixeiramente modificado -supoño que por razóns dramatúrxicas- verbo do texto de Wolfram. Unha das modificacións é a vista do Graal, que Perceval / Parzival nunca chegarán a ver: a súa misión é curar o rei Amfortras coa lanza que sangra cando lle sexa ofrecido, como cada día, o alimento salvador que dá o graal. Na tradición heroica literaria será Galaz o cabaleiro que, finalmente, atope o santo vaso.

dia levou ô Monsalvato. E aquil dia é Viernes Santo, e Gurnemanz di a Parsifal que non debe levar armas. E Parsifal quítase a armadura e chanta a lanza no chao. Enton Kundry lávall'os pés, e Gurnemanz únxeo por Rei de Monsalvato. E Parsifal bautiza a Kundry.

E cando chegou ô Monsalvato, os Cabaleiros celebran os funerais do vello Rei Titurel. E pregan a Anfortas que descubra o Graal, mais Anfortas non quer, porque somentes quer que veña a morte. E n-esto entra Parsifal, e Gurnemanz e Kundry. E Parsifal coa punta da Lanza de Lonxinos toca a ferida que ten Anfortas no peito, y-a ferida d'Anfortas fica curada.

E Parsifal rube ô estrado, e descobre o San Graal e ergue a Copa car'o Ceo e do Ceo baixa a Pomba branca... Amen. Eis a Profecia[40].

40. Perceval tampouco sabía o seu nome. Só sabía que era galés (e Parzival valón, e dicir celta belga) e dalgún xeito habería un certo autoodio: a súa nai só lle dá un dardo dos tres que, regularmente, levaba, 'para que non parecese galés dabondo'. Soamente cando fique homologado no modelo non galés terá dereito a unha identidade. Parzival identificábase polo nome da súa nai, Herzeleid.

Capítulo VI. En que decrar'o symbolismo da Orde Galega do San Graal en perguntas e respostas.

1.- Que sinifica a Orde do San Graal?

- A xuntanza dos Bós e Xenerosos pra restauraren o Ideal e a Tradición da Santa Terra Galega, Ceibe e Soberana.

2.- Que sinifican as Armas da Orde?

- Son en campo d'Azur pra representál-a celeste calidade da Santa Terra Galega, escoleita antre todal-as do mundo pra gardal-o Caliz Sagrado e coa sua virtude creal-a Civilizazon Futura. Leva en ouro o San Graal, reliquia diviña da nosa Tradición Céltiga. Leva riba d'él a Estrela da Liberdade da Terra que guia ôs Bós e Xenerosos.

3.- Que sinifica o Corno de Breogan?

- É a voz da Terra asoballada a chamar pol-os Bós e Xenerosos qu'a han ceibar da escravitude.

4. - Que sinifica Breogan?

- Sinifica que son os nosos abós os Celtas os que no noso sangue e na nosa y-alma chaman co clamor da Terra. Breogán é o heroe epónimo da nosa Raza que sopra no seu corno pra voltar a erguer flamas acesas no seu Fogar coberto de cinsa...

5.- Que cinsa é isa?

- É a tradición allea cobrindo y-apagando â nosa[41].

6.- Que hai que faguer coa cinsa da tradición allea?

- Hai qu'aventala co vento do noso Ideal.

7.- Que sinifica a Torre de Breogan?

-O Estado Celta galego.

---

41. Esta sería a idea central no nacionalismo kármico de Risco: cumpría erguer, mesmo que o velo de Isis (cf. H.P. Blavatsky, *Isis unveiled*) da mentira que agacha a verdade, a tradición allea que agachaba a tradición enxebre.

8.- Que é o qu'hai n-ela?

- Un espello onde se vé a irman Irlanda.

9.- Que sinifica ise espello?

- Que nós os galegos en todo nos debemos imitar ôs irlandeses.

10.- Que sinifica a Estrela do Apóstolo?

- Sinifica pirmeiramentes, coma fica dito ô decrararmol-as armas da Orde, a liberdade da Terra Galega, â demanda da que andan os bós e xenerosos.

Segundamentes, sinifica a figura da propia Terra Galega, qu'é d'unha estrela de cinco puntas que son: o cabo Fisterre, o cabo Ortegal, Ribadeo, o Penedo dos Reinos[42] y-a Punta de Santa Tecla. E o representala no médeo do azur do Mar Atlántico, quer decir qu'espirtualmentes, e coma nazón, ela debe ser unha Insua[43], com'Irlanda... Y-esta Estrela, ô vermola no ceo, indica qu'o pensamento costante dos bós e xenerosos debe ser a sua Terra, que é eiqui na terra como a estrela mais brilante do ceo; indica que por riba de todal-as cousas do mundo, han amar â sua Terra y-a sua liberdade precurar; indica o qu'ha ser no futuro a nosa Terra trasfigurada pelo noso sacrifizo.

E terceiramentes, indica que a nosa Terra foi escoleita e siñalada pola Vontade que dirixe os mundos y-a estórea pra que fose a y-Arca do novo Dioibo das humás paixoes, onde se refuxe a Tradición y-o Berce do Mundo Novo e rexenerado pol-a Civilizazon Atlántica, porqu'ela é a Estrela qu'alomea a y-Arca Marmórea y-o Camiño dos Magos...

---

42. O Penedo dos [Tres] Reinos está situado no concello ourensán da Mezquita e forma unha fita entre Galicia, León (Zamora) e Portugal (vid. GEG tomo 21, páx. 38).

43. Esta idea risquiana respondería ao seu convencemento de que Galicia só podía permanecer enxebre se evitaba o contacto co progreso, co reformismo, forzosamente español, urbano e filisteo.

11.- Que sinifica logo, o Apostol Sant Yago?

- É o Nuncio da Boa Nova.

12.- Cal é a Boa Nova?

-A liberación da nosa Terra.

13.- Que sinifica a y-Arca Marmórea?

- O depósito da veneranda Tradición.

14.- Que sinifican os dous descobrimentos do Corpo do Apóstolo?

- Que por duas veces a nosa Tradición foi esquecida, e por duas veces a Nazon Galega sofreu de xugo estranxeiro, unha baixo dos Mouros, y-outra baixo dos Castelaos[44].

15.- Enton, que nos di o segundo descobrimento[45]?

- Qu'os tempos da nosa liberdade van chegar logo.

16.- Que sinifican os Mouros do Pico Sagro?

- Os estranxeiros qu'asoballan â nosa Terra. O Klingsor de Parsifal é un d'ises Mouros.

17.- Que sinifica a Espada d'El-Rei Artús?

- É a Espada que creb'as cadeas d'escravitude qu'asoballan â Raza Celta.

18.- Quen pod'erguer do chao esa Espada?

- Somentes o que tendo a y-alma pura e limpa, estea disposto a dala sua vida pola Pátrea

---

44. Risco facía aquí unha reviravolta ata certo punto incomprensible: simbolizar os dous descubrimentos do sepulcro do apóstolo coas opresións externas sufridas por Galicia. Resulta incoherente considerar coma tal a intervención de Castela no século XV, que se ben supuxo unha limitación da presencia galega nas cortes, tamén significou un freo á dureza dos señores feudais vencedores dos irmandiños. Doutra banda, a presencia musulmana en Galicia non pasaría de testemuñal. Sorprende, de acordo coa lóxica celtista de Risco, que non considerase coma invasión a presencia romana.

45. Risco debería referirse ao achado da cripta e das reliquias atribuídas ao apóstolo en 1874, durante o bispado de Miguel Payá.

19.- Quen era Artús e que sinifica?

- Era un descendente de Breogan, e sinifica o pasado grorioso dos Celtas todos, y-o seu porvir ainda mais grorioso. Artús é o noso Mesias prometido.

20.- Qu'outro nome leva ise Mesías?

- O nome de Sebastián.

21.- Onde foi que se partiu a Espada Scalibor?

- Na batalla da Limia, contra dos Mouros da Hespaña[46].

22.- Quen mandaba ôs Mouros da Hespaña?

- O treidor Mordred.

23.- Que sinifica o treidor Mordred?

- Os maus galegos que fan causa común cos tiranos da sua Pátrea.

24.- Que sinifica o encantador Merlín?

- A suprema sabencia das cousas da Galiza e da Raza Celta.

25.- Que sinifica a Espada Partida?

- Sinifica a separación de Galiza e Portugal, que son un mesmo pobo c'unha sóia y-alma repersentada por esa Espada Partida.

26.- Cand'han ser axountadol-los dous pedazos da Espada?

- Cando sexan chegadol-os qu'anunciou o Bardo das Edades.

27.- Quen foi o Bardo das Edades?

- Foi Ambrosio Merlin[47].

---

46. Obviamente, esta batalla do Limia, polo menos tal como a situaba Risco, era pura invención de este.

47. Lembremos o arquetipo de San Ambrosio aplicado a Merlín na *Cronica Latina* do falso Nennius.

28.- Qu'ha soceder enton?

- Que virá o Encoberto qu'agardamos.

29.- Cantos nomes ten o Encoberto nas leendas?

- Tres: Artus, Sebastian e Perceval[48].

30.- Que sinifica a Copa do San Graal?

- Pirmeiro é a Copa ond'os escoleitos que se chaman os Bós e Xenerosos beben a comunión co sangue da nosa Terra que n-ela se conserva, a que lles dá vida espirtual e quentor de fidalguia, e azos pra loitaren por Ela. N-isa Copa está a Lembranza da nosa Tradición y-o esquecemento de todolos engados do xardin de Klingsor qu'os queren arredar do seu camiño. Quen n-isa Copa beber, fica trasfigurado pola virtude da y-alma da Terra.

31.- E que mais?

- Segundamentes, é a Copa ond'a Terra, coma Nai piedosa, axudada por aquiles que nona deixan nas horas d'amargura, recoll'o sangue bieito dos Héroes da Raza, que vertérono xenerosamentes pola liberdade da Santa Galiza.

32.- A quén s'imitan os que non abandonan â sua Terra nas horas d'amargura?

- Imítanse ôs Santos Discípulos do Noso Señor: Xosé d'Arimatheia e Nicodemos e Xan o Vidente que tampouco deixaron sóia â Virxe María cando choraba ô seu fillo diviño; e os Héroes da Raza imítanse no seu sacrifizo a Xesucristos, noso Salvador, que son os eixempros mais dinos d'imitanza.

33.- E terceiramentes, que sinifica a Copa do San Graal?

- A Saudade da nosa Liberazón y-a eternidade da Raza Celta e da Pátrea Galega.

---

48. Risco seguía o argumento do *Parsifal* wagneriano, esquecendo que foi Galaz quen atopou o Graal (mesmo en *Na noite estrelecida* de Cabanillas).

34.- Que sinifica a Táboa Redonda?

- A Comunión dos Bós e Xenerosos antr'iles e cos seus devanceiros os Héroes da Raza e da Terra, en espeutación saudosa da Restauración da Pátrea en autualidade e mais en eternidade.

35.- Cand'a Pátrea CeltoGalega ha ser restaurada en autualidade?

- Cando cheguen os pirmeiros tempos.

36.- Que queredes dicir coeso?

- Cand'o esforzo dos Bós e Xenerosos sáia viutoreoso dos nemigos da Patrea. Enton ha baixal-a Estrela sobr'o Graal ergueito ô Ceo.

37.- E cand'a Patrea Galega ha ser restaurada en eternidade?

- Cando cheguen os segundos tempos.

38.- Que é o que queredes dicir?

- Cand'a Espranza se torne Lembranza, así coma hoxe a Lembranza é Espranza; porqu'está escrito do Monsalvato: "Eiqui o Tempo é Espazo". Enton ha baixal-a Pomba sobor do Graal ergueito ô Ceo.

39.- Que Pomba é isa?

- É a Pomba qu'anuncia o se retiraren as augas do novo Dioibo das humás paixoes.

40.- Ond'está o San Graal?

- Está no Monte Cebreiro, o embigo oucidental do mundo, a Delfos Atlántica, coma Santiago é a atlántica y-oucidental Xerusalem. Dend'elí vese terra de Mouros, ou sexa d'Iberos[49].

41.- Quen é Perceval?

- Das'ise nome ô Cabaleiro dino d'atopal-o San Graal.

---

49. Risco, na división que facía entre Euroiberia e Afroiberia, consideraba que os poboadores desta, os españois, eran de orixe semita (iberos ou mouros).

42.- Que sinifica?

- A pureza e a virtude que deben adornar ôs cabaleiros do Graal.

43.- Que sinifica Titurel?

- Sinifica a Galiza antiga, ceibe y-enxebre. A Galiza de Breogan, de Gelmirez e de Pardo de Cela[50].

44.- Que sinifica Amfortas?

- Sinifica a Galiza d'oxe, doida y-asoballada.

45.- Que sinifica Klingsor?

- Os nemigos de Galiza qu'a teñen asoballada.

46.- Que sinifica o Xardin de Klingsor?

- Sinifica a sedución da Frivolidade[51].

47.- Que sinifica Kundry?

- Sinifica a sedución do qu'agarima as paixoes dos homes.

48.- Que sinifica Gurnemanz?

- O Mestre iniciado nos Mystéreos do Graal, que son as cousas da Terra Galega e qu'amostra ôs novos o camiño qu'han seguir.

49.- Que sinifica Parsifal?

- As novas xeneracións dos Bós e Xenerosos, chamadas a redimiren a a Terra, esto é, a curar a Amfortas da sua ferida, que é o esquecemento no que o Pobo Galego está de si mesmo, e polo que non pode recibilos benfeitos da sua Tradición, esto é, non pode consagral-o Grial que prolonga a sua vida mais non cura a sua door.

---

50. A santificación patriótica de Pardo de Cela -á cal cóntribuíu sen dúbida Cabanillas- tiña a súa base na mitoloxización da aristocracia galega, o dominio da cal diminuíu pola intervención da coroa castelá. Este 'nacionalismo fidalgo', que tivo en Otero Pedrayo un grande publicista, foi inspirado decisivamente por Losada Diéguez.

51. Risco tiña unha verdadeira obsesión polo pecado. Á súa idea de moral tomada do brahmanismo -deprendida da teosofía- engadíase a idea de pecado da moral católica (para a cal non hai perdón despois da morte). Cómpre, sen embargo, entender isto do pecado non nun senso individual senón colectivo. A fonte principal de pecado eran as cidades. Estes pecados (asociados ao sexo e mais ao alcohol) impedían a continuidade do espírito nacional, da teleoloxía nacional en verbas de Risco. De acordo coa súa base kármica que daba ao nacionalismo, cada xeración tiña que purgar as culpas das xeracións anteriores e procurar deixar ás xeracións seguintes os menos pecados colectivos posibles (cf. *A Coutada*).

50.- Que sinifica a Lanza de Lonxinos?

- Qu'os nosos nemigos feríronos coas nosas propias armas que nós ceibamos das mans seduzidos polo encantamento de Kundry. Pro esas armas nada poden contr'os Bós e Xenerosos, senon qu'istes han ferir coelas ô taimado Klingsor que todo quere reducir ô seu imperio, e ferido il, esborrallarase o seu Castelo.

51.- De que se ten que gardar Parsifal?

- Pirmeiro das froles do xardin de Klingsor, que son a frivolidade qu'esconde debaixo un ermo esteril. Despois das suas propias paixoes, ou sexa as arelas do seu curazon estraviadas por Klingsor que é o que representa Kundry.

52.- Que sinifica a conversión de Kundry?

- Kundry non é mala mais que cand'está baixo o poder de Klingsor. A sua conversión sinifica que todal-as arelas do curazón do home poden ser satisfeitas na sua Terra, nos dominios do Graal.

53.- E que sinifica a Estrela posta derriba do Graal?

- O casamento do Ideal coa Tradición, da Espranza coa Lembranza.

FIN DA DOUTRINA[52]

NOTA: A orde de Cristo de Portugal é a continuación da Orde do Temple da que poseen os segredos, nos cuaes estaba fondamente iniciado o Sabio Rei Don Diniz, coñecementos que foran trasmitidos de xeneración en xeneración na Casa Real Portuguesa, principalmente nos Reis da Casa d'Aviz.

---

52. As tres ilustracións coas que remata esta primeira parte, terían cadansúa simboloxía. O dragón alífero atravesado por unha espada representaría a maldade (estranxeira) vencida. O cáliz representaría o Santo Graal, coas gotas de sangue, coroado pola pomba do Espírito Santo e a estrela do apóstolo, que emite unhas raiolas por riba da pomba e do cáliz. O escudo anoado a unha espada é do chamado tipo suízo, cunha cruz de potenza que era o T dos templarios. As espadas colocadas á dereita e á esquerda (é decir, a cravada no dragón e a posta por riba do escudo) son distintas: a primeira ten a folla orientada cara abaixo e é unha espada semellante ás dos naipes, coa garda dobrada cara abaixo pola nosa esquerda e semidobrada cara enriba pola nosa dereita; a segunda está posta á inversa da anterior, coa garda lixeiramente arqueada cara abaixo.

A cruz posta baixo a *Nota*, é unha cruz latina cos brazos ensanchados (ou patados), en sable (negro tramado en cuadrícula moi pequena) en raiado fino vertical e con outra cruz latina simple perfilada en branco.

RITUAL DA MOI NOBRE ORDE GALEGA DO SANCTO GRAAL.

Título I.

Do Templo da Orde.

1.- A Orde non ten mais qu'un sóio Templo, qu'é o Monsalvat; todolos outros Templos son so mentes imitanza e repersentación d'aquil Templo Úneco.

O Templo será cadrangular oblongo[53]: n-un testeiro, a porta, do lado Oriental; n-outro testeiro, do lado Oucidental o Altar.- Do lado esquerdo do altar, estará o Trono do G.M. y-a un lado y-outro d'il, dous bancos corridos pr'os Capitulares, e defrente, os bancos pr'os Cabaleiros Profesos. Os Postulantes estarán de pé, ond'a porta.- Podendo ser, as paredes estarán cobertas con colgaduras, o chao coberto c'unha alfombra verde -(Color da Terra)- y-o teito pintado d'azul, e sobr'il en ouro as costelaciós, y-a Galaxia ou Camiño de Santiago, indo dend'a porta hastr'o altar.- Os bancos serán de pau.

O Trono do G.M. será un sillón de brazos, coberto c'un gran pano de damasco bermello, y-ôs pés terá unha almohada de veludo da mesma cor.

O Altar será unha mesa con frontal e mantel. De retabulo servirá o Estandarte da Orde[54]. Diante estará a Urna qu'encerra o San Graal, en figura de castelo, con portas e cortinas. Na mesa pousaranse: o Corno de Breogan - A Espada d'Artus - a Espada de Ritual - o Libro da Orde.

N-o Templo haberá unha campáa. O alumbrado sera de cera.

---

53. Sorprende esta forma para o templo, nunha soa nave, sen pranta de cruz e sen ábsidas, agás que se tratase dun templo de inspiración masónica.

54. O deseño do estandarte está formado por un pendón rematado nun floco de tres picos. Nel aparecen un escudo de tipo francés co cáliz, a estrela de cinco puntas por riba do cáliz e rematado cunha coroa de marquesado (con estrelas de cinco puntas en troques de flores); dúas espadas cruzadas coa punta cara enriba (unha enfundada e coa garda convexa-cóncava, e a outra espida e coa garda bicóncava) e embaixo o corno simulando estar pendurado; o remate do pao que sostería o estandarte ten forma de alabarda coa folla do machado lobulada.

Título II.

Das cousas litúrxicas.

O San Graal estará representado por un Caliz baixo, grande, de forma románeca ou oxival[55], cos duas asas. Estará coberto c'un pano branco de tisú, e metido n-unha urna en figura de castelo. O Corno de Breogán estará representado por unha trompeta de bronce ou de corno, con decoración céltiga, e terá bandolera pra penduralo.

A Espada d'El-Rei Artús será de estilo do século XI ou XII, y-estará metida n-unha vaina de coiro con abrazadeiras, e conteira, e adornos.

A espada ritual será do mesmo estilo, pro non terá vaina y-estará sempre ispida.

O Libro da Orde será escrito a man en pergamiño con letra gótica e viñetas e mais ilustraciós en coores e ouro, y-estará encadernado com'os Evanxeliarios irlandeses, que chaman d'arte celtocristiao.

O Estandarte da Orde será de seda branca cos bordados que s'indican no deseño adxunto. A Taboa Redonda estará repersentada por unha mesa da forma que indica o seu nome, e que se cobrirá c-un mantel branco pr'ôs agapes.

55. Serían distintos os deseños románico e oxival para os cálices. Non era habitual o emprego de asas nos cálices agás de tratarse dos chamados ministeriais. Curiosamente, o cáliz do estandarte vai sen asas.

Título III.

Da receución de Postulantes.

O que queira ingresar na Orde do San Graal coma Postulante, escollerá dous Cabaleiros Profesos que lle sirvan de Padriños, respondan por il e fagan no seu nome a solicitude ô Capitulo. Recibida a solicitude pol-a Sua Eminencia o Gran Canciller da Orde, iste dará conta ô Capítulo, y-o Capitulo votará a ademisión ou non admisión por bolas brancas e negras. Unha soia bola negra, o solicitante será rechazado.

Se fora ademitido, será citado por médeo dos seus padriños pra comparecer no Capítulo.

O Capítolo ten que ser pleno y-axuntaráse no Templo da Orde.

Os Padriños conducirán ô Candidato cos ollos vendados y-as maus atadas; levarano a unha habitación onde non haxa mais qu'unha mesa y-unha silla, quitaranll'a venda, libraranll'as maus, e deixarano soio, pechado con chave unha hora. O Candidato non deb'estar adevertido d'esto.---- O cabo dunha hora entrarán de novo os dous padriños e mais o Asistente xeneral da Orde, vestidos co hábito e coas cabezas inteiramente cobertas con capuchas brancas que non deixaran ver nin os ollos, e o Asistente xeneral dirixirá ô Candidato as perguntas seguintes:

-Eres Fulan de Tal?

-Queres entrar na nosa Orde con vocación irrevocabel?

- Sabes ô que te comprometes?

- Que sinifica a Orde do San Graal? (Pergunta 1-Cap [VI] da Doutrina)

- Que sinifica a Copa do San Graal? (Pergunta 30 -Cap [VI] da Doutrina)

- Que sinifica a Estrela posta derriba do Graal? (Perg. 53-Cap. [VI] da Doutrina)

- Sabel-a Estoria do Graal? (Capitulo [IV] da Doutrina)

Respondidas axeito, o Asistente dirá: *-Escoita con atención.*- E dará leutura ô compromiso, que levará xa escrito, con voz crara e solemne.- E logo: *-Pensa ben o que vas faguer; ainda estás a tempo pra té repentir e volver atrás. Medita no Silenzo, e qu'o San Graal ch'alumee o entendemento.*- E sairán e deixarano sóio, pechado con chave, co compromiso escrito, tinteiro e pluma riba da mesa. (...) ô cabo d'unha hora, voltarán a entrar, e o Candidato firmará o compromiso, e os Padriños co-il, coma testigos. O Asistente recollerá o papel, pra que o refrende o Gran Canciller da Orde, e volverán a vendar y-atar ô Candidato pra levalo ô Templo.

No Templo, o altar estará velado con cortinas. Diante d'il estará o trono do Gran Mestre, y-os seus lados de pé estarán: â direita o Gran Canciller coa Espada d'El-Rei Artus; o Gran Intendente estará co Estandarte da Orde, o Asistente xeneral coa coroa do Gran Mestre; â esquerda o Proto-Asesor con Libro da Orde, o Gran Tesoureiro co Corno de Breogan e un Capitular coa Espada Ritual.- Os cabaleiros, de pé, terán cada un sua vela de cera acesa.-A porta estará pechada con cerroxos.

Un dos padriños dará cinco golpes na porta.

Voz d'adentro - *Quen chama â porta do Templo?*

Padriño - *O que ven cheo d'ansias de traballar pol-a groria do Graal.*

Abres'a porta, entran, e fan postrar de xoenllos ô Candidato diante do Gran Mestre.

O Gran Mestre- *Que é o que ves buscar n-iste sitio?*

Candidato - *Busco o camiño que leva ô Monsalvato, onde s'atopa o San Graal.*

O Gran Mestre - *Grave é a empresa pr'as tuas poucas forzas.*

Candidato - *O San Graal darame forzas pra ela, anqu'eu sexa indino.*

O Gran Mestre - *Sabes qu'en canto poñal-o pé nise camiño xa non poderás volver atrás?*

Candidato - *Na porta deixei o hom'antigo, pra me vestir do home novo.*

O Gran Mestre - *Como se chama o home novo?*

Candidato - *Chámase Perceval.*

O Gran Mestre - *Hai algun dos presentes que poda notar no Candidato algun empedimento pra seu ingreso na orde? .... O Moi Eminente Canciller da Orde vai leer o compromiso firmado por iste Candidato.*

O Gran Canciller da leutura ô Compromiso con firmas e todo.

O Gran Mestre - *Aceutades iste compromiso?*

Candidato - *Aceuto.*

O Gran Mestre - *Xurades pol-a vosa honra mantelo sempre?*

Candidato - *Xuro.*

O Gran Mestre - *Prometes de cumplilo, pase o que pase?*

Candidato - *Prometo.*

O Gran Mestre - *Quedas ademitido com'irman postulante da Moi Nobre Orde Galega do San Graal. Que pola Gracia do Mystéreo Santo fiquen ceibes as tuas mans* (un padriño desata as mans do Candidato) *e qu'a sua luz alume os teus ollos* (outro padriño quitalla venda dos ollos).

Todos - *Amén.* (O tempo todos descobren o rostro).

Enton, se se pode unha orquesta ou un órgao debe deixar ouvir o Himno do Graal, do Parsifal, que todol-os cabaleiros deben cantar... As cortinas do Altar vanse descorrendo lentamente deixando vel-o Altar cheo de luces y-o San Graal descoberto e resplandecente na sua cámara... Rematado o himno, o Gran Mestre dirá:

-Xa eres un mais antr'os irmans congregados estreitamente orredor do Monsalvato; xa eres un soldado da Causa Groriosa do San Graal purificador e dador de Vida; xa estás alistado conosco baixo a bandeira augusta que tremola no cume sagro do Monte Cebreiro. Os ventos furiosos das humanas paixoes, n[o] noso tempo desatadas, non conseguirán abatila, porqu'ela é mais forte qu'os aires, porqu' está afincada e chantada na Terra; só conseguirán faguela ondeiar con mais groria, coma se foran ventos de trunfo. O teu deber é defender esta bandeira qu'é a do Ideal da tua Raza e a Tradición da tua Terra, contra

todo e contra todos, propios y-alleos, cos teus pensamentos, coas tuas verbas, cos teus feitos. D'oxe mais pertences a está Causa Groriosa, e por ela has dar o teu creto, o teu fogar, a tua facenda, a tua vida. Obedecerás lealmente â Orde e non pensarás mais qu'en servila.... Si de tal xeito fas, terás honra e proveito, serás estimado dos teus irmans, e Deus noso Señor che premiará coa paz da concencia e coa sabencia y-a groria... Mais, se por disgracia tua ou mal consello crebaras a tua palabra, ou faltaras ô teu xuramento e compromiso, enton, que sexas de todos odiado e despreciado coma perxuro, e treidor, e mau cabaleiro, qu'a tua vida s'apague com'estas candeas, e qu'as trevas mais densas envolvan a tua alma por toda a eternidade...

Todos - *Amén* -e volvendo as velas car'o chao, apagaranas c'un golpe, namentras s'apagan tamén todal-as do Altar ficando todo âs escuras, por compreto.

Enton o Asistente xeneral, colle por un brazo ô Candidato, e sacudíndoo, despideo coas verbas de Gurnemanz a Parsifal no pirmeiro auto:

- *Fuxe d'eiquí, estúpido, lacazán, besta, vai pr'onde viñeches, ond'as cabras do monte.*

Título IV.

Do Cruzamento de Cabaleiros.

O Postulante qu'estea imbuido do espirto da Orde, pode pedir de se cruzar Cabaleiro. Iste trámite é igual que pr'ôs Postulantes. O dia marcado presentarse cos seus padriños ô Capitulo, qu'estará costituido coma pr'â receución de Postulantes. O Postulante porase de xoenllos diante do Capítulo.

O Gran Mestre - *Eres Irman Postulante?*

O Postulante - *Ti mandaches abril-os meus ollos â Luz do San Graal.*

O Gran Mestre - *Que gracia ves pedir a iste Capítulo?*

Postulante - *A de sentarme na Taboa Redonda.*

O Gran Mestre - *Coñecel-a Doutrina da Orde[?]*

Postulante - *Levo en min a Luz do San Graal.*

O Gran Mestre - *Responde, logo.*

O Proto-Asesor dirixirá ô Postulante difrentes perguntas sobr'o Simbolismo y-os Mystéreos da Orde, e pediralle as espricaciós que crea oportunas. Respondidas satisfaitoriamentes, o Gran Canciller leerá no Libro da Orde o Compromiso dos Postulantes y-os tres votos dos Cabaleiros.

O Asistente xeneral meteralle unha lanza na man e diralle:

- *Vixila e non teñas medo da y-auga nin do lume, dos espirtos nin dos corpos, da vida nin da morte.*

E deixarano solo no Templo, sen mais luz qu'unha lampara d'aceite, e pechado con chave.

Ô chegar a hora, sonará unha trompeta, abrirase a porta, e entrarán dous cabaleiros enmascarados, en silenzo, e poranse a encender as luces do altar, alumarán dous incensarios e poranse a incensar o Templo, en silenzo, sen qu'o Postulante lles deba nin abrir a boca, nin eles lle dean fala.- Sonará de nova a trompeta y-os cabaleiros en duas fías con velas acesas irán entrando lentamente no Templo e poñendose nos seus postos. Ô último virá o Gran Mestre, que se sentará no seu trono â esquerda do Altar.- Sonará de novo a trompeta, e o Gran Intendente collerá o Estandarte da Orde, e dando coil tres golpes no chao, dirá:

- *O Rei Artús está ferido na illa d'Avalon; hai un posto vacante na Taboa Redonda; o Monsalvato está desamparado; quen é o que que quer defender esta bandeira?*

Postulante - [en branco]

O Gran Mestre - *Quen és ti?*

Postulante - *Fulan de Tal, Irman Postulante da Moi Nobre Orde Galega do San Graal.*

O Gran Mestre - *Ven ond'a nós.* - O Postulante ponse de xeonllos diante do G.M.

O Gran Mestre - *Queres defender esta bandeira coma Cabaleiro Profeso da Orde do San Graal?*

Postulante - *Quero.*

O Gran Mestre - *Mantés o teu compromiso d'Irman Postulante?*

Postulante - *Manteño.*

O Gran Mestre - *Xuras de non t'arredares endexamais da Orde, de servires integramentes ôs seus fis nos teus pensamentos, verbas e feitos, d'obedeceres ô Capitulo e de dar pola Orde o teu creto, o teu fogar, a tua facenda e a tua vida?*

Postulante - *Xuro.*

O Gran Mestre - *Xuras de tomares parte en todalas cerimonias e autos da Orde e de prestares axuda con todo o teu esforzo ôs seus fis, no espirtual e no temporal?*

Postulante - *Xuro.*

O Gran Mestre - *Xuras de gardar riguroso silenzo sobre todal-as cerimonias, usos e doutrinas da Orde?*

Postulante - *Xuro.*

O Gran Mestre - *Si esí nono fixeres sexas maldito e desprezado de Deus e dos homes, e infame o teu nome e manchada a tua honra por sempre xamais*

Postulante - *Se non cumpro iste xuramento quero ser maldito* etc.

Un Capitular entregará ô G.M. a Espada Ritual. O G.M. erguendoa ô ceo, dirá:

- *No nome do Santo Graal resprandecente no cume do Monte Cebreiro, eu armote cabaleiro. Sexa pro eterno trunfo e groria do Ideal da Raza Celtiga e da Tradición da Terra Galega.*

Todos - *Amen*

O G.M. dalle o espaldarazo e dí:

- *Erguete, Cabaleiro.* --- Érguese y-abrazano todos namentras sona o hino do Graal.

Título V.

Dos Capítulos.

O Capitulo solene teráse no Templo, coas cortinas do Altar botadas, vestidos os Cabaleiros co hábito da Orde. Cada Cabaleiro que queira entrar, chamará con cinco golpes na porta do Templo; o Asistente xeneral ou o Mestre de Cerimonias tomaralle a verba de paso e franquearalle a porta, que se volverá pechar. Ninguén s'asentará sen orde do G.M. Axuntados qu'estean, o Asistente xeneral tocará a Campáa do Templo. Logo irá diante do G.M. e dirá:

-Soberán Señor: a hora sonou: Vosa Maxestade pod'abril-o Capitulo da Moi Nobre Orde Galega do San Graal

O G.M. - *Noi hai eiqui ningun profano?*

O A.X. - *Hai eiqui algún profano, algún impío, algún curioso? Si o hai, que salga fora!*

Todos - *Afora os profanos!* (Tres veces se repite esta fórmula polo A.X. y-os Cabaleiros).

O A.X. - *Non hai ningún profano.*

O G.M. - *Abrese o Capitulo.*

O Gran Canciller que terá diante un facistol co Libro da Orde, leerá n-il as Costitucións. Así que remate:

O G.M. - *Cabaleiros: xurades manter por sempre estas Costitucios?*

Todos. - *Xuramos* (estendendo a man direita car'o G.M.).

O G.M. *-Xurades defender sempr'a Causa y-a Bandeira do San Graal cos pensamentos, verbas e feitos?*

Todos.- *Xuramos.*

O G.M.- *Sentaivos, Cabaleiros* (sentanse todos).

O G.M.- *Algún de vos ten algunha queixa ou petición que presentar â S.A. o Soberano Capítulo da Orde?*

O Gran Canciller dá conta do que haxa. A cada cousa

O G.M.- *Que tendes que manifestar sobor de esto?* O que ten que decir fala, sempre por orde de dinidá na Orde, e resólvese por votación. Concluido que sexa:

O G.M.- *Algun cabaleiro ten algo que manifestar ou pedir ô Soberan Capítulo?*

O Proto-Asesor dirixirá enton ôs presentes unha plática sobre da doutrina da Orde, pra edificación dos Cabaleiros, e romatada, o Asistente xeneral, incrinarase diante do G.M. e dirá:

- *Soberán Señor é chegada a hora: Vosa Maxestade pode dar fin ô Capitulo da Moi Nobre Orde Galega do San Graal.*

O G.M. érguese e di: - *Cabaleiros, o noso traballo rematou. Separémonos en paz.* (séntase)

Van saindo por orde de menor antiguidade, incrinándose diante do Gran Altar e do Gran Mestre.

Título VI.

Dos Agapes.

O Agape é unha cerimonia de fraternidade antr'os Cabaleiros. Celebrarase orredor da Táboa Redonda, no Templo da Orde. Principiará com'o Capitulo solene, hastr'a leutura inclusive das Costituciós, y-o xuramento. Entón dirá o G.M.

-Cabaleiros: a Táboa Redonda ond'o Noso Señor ceou cos Apóstolos foi atopada por Ambrosio Merlin, o Sabio meirande da nosa Raza e depositario de todal-as suas tradiciós. Merlin levouna pra Kardenil, onde tiña a sua corte El Rei Uter Pendragon, y-eli, no dia de Pascoa de Pentecostés, istituiuse a Santa Orde da Taboa Redonda, da cual a nosa é a continuación, e foi que n-ela se sentaron cincoenta cabaleiros e homes de ben do Reino que xuraran coma nós xuramos de manter sempre o Ideal y-a Tradición da sua Raza e da sua Terra. Y-en verdade vos digo que si nós agora nos sentamos orredor d'esta Taboa que d'aquela é repersentación e figura é por nos imitarmos a iles na fraternidade e na fé qu'os axuntaba e mais na xenerosidade e bondade dos seus pensamentos, verbas e feitos que todos nos hemos esforzar en imitarmos. Y-a Orde da Taboa Redonda, que se perdura, foi restabelecida polo noso chorado Rei Artús, que na illa d'Avalon agarda que sexan chegadol-os tempos, e perdeuse de novo cando Artus foi por traición vencido nos chaos da Limia polos Mouros da Hespaña, mais nós vimos a restabelecela de novo e somolos precursores da Terceira Orde da Taboa Redonda que será fundada cando veña o qu'agardamos. Polo tanto, eu vos conxuro, Cabaleiros, a que meditedes ben no auto qu'imos realizar, de comunión antres vós todos e mais coa Terra qu'a todos nos sustenta e manten y-â que tendes xurado fidelidade, e tamén a que sexades antre vós com'irmans, coma Parsifal puros e limpos de curazón, amantes da verdade, da beleza e da xustiza, aborrecendo a iniquidade, a frivolidade y-os vicios, honrados Cabaleiros e perfeutos galegos.

Todos- *Amén.*

O Gran Intendente e o Gran Tesoureiro ruben ô Altar e traen a urna do San Graal, namentral-o Asistente xeneral y-outro Capitular estenden na mesa un pano litúrxico. Pousan a urna na mesa e van buscar duas xerras: unha con leite y-outra con mel, que terán na man, hastra que non sexa tempo. O G.M. - *Sentaivos, cabaleiros.* Sentanse todos. O G.M. abre a urna e saca o Graal. O G.M. - *Veleiqui a Copa da Salvación da nosa Terra.* Sona o hino do Graal... O A.X. y[-]o Cap. levan a urna pro Altar. O G.I. entrega a xerra que ten ô G.M.

O G.M. - *Veleiqui o branco leite da vaquiña marela ou bermella que vai piniscando cos seus beizos carnudos as herbas zumosas da Terra...* Bótao no Graal... O G.T. entrega a sua xerra.

O G.M.- *Veleiqui o docisimo mel, bálsamo d'ouro, doce d'ámbare, zugado polas abellas nas froles dos nosos eidos...* Bótao no Graal...

O G.M.- *Eis a ofrenda do leite e do mel, sangue da Terra... Pra materializal-a esencia da nosa Terra dentro do noso corpo, pra sentirlo fervoar no noso sangue, bebamos n-ista Copa de groria e saudade.*

O G.C.- *O San Graal é a copa ond'os escoleitos beben a comunión co sangue da nosa Terra.*

O P.A. - *A Taboa Redonda é comunión dos Bós e Xenerosos antr'iles e cos seus devanceiros, os Heroes da Raza da Terra.*

O G.M.- *Eis a ofrenda do leite y-o mel...* Bebe e pasa ô da direita e van bebendo todos hastra voltar ô Gran Mestre.

O I.M.- *Qu'o sangue da Terra vos reconforte e vos dea nova vida, com'o xigante Anteu*[56].

O P.A. dirixirá enton unha plática sobro simbolismo da cerimonia. Antes recollen as xerras e o Graal. Rematada faise coma no Capitulo solene.

---

56. Fillo de Neptuno e de Xea, a deusa da Terra, habitaba en Libia e obrigaba a loitar con el a todos os estranxeiros que pasaban polo país. Cos seus ósos construíu un templo ao seu pai. Hércules atopou Anteu cando ía cara o Hiperbóreo á procura do tesouro das Hespérides. Como fose que sempre saía victorioso o xigante, Hércules decatouse que, cada vez que tocaba o chan, a súa nai lle daba novas forzas. Decidiu penduralo no ar e afogalo por opresión. Polo tanto o símil de Risco resultaría válido mentres non chegase Hércules...

Título VII.

Do Mystéreo do Graal.

Iste é o Mystéreo Supremo da Orde, o Grande Auto Religioso d'ela. O Templo estará de gran gala, na disposición dita no principio. Todal-as luces acesas, abertas as portas da urna do Graal, mais coa cortinilla botada. Farase en todo, coma no Capítulo solemne hastr'o xuramento incrusives. Enton o Gran Mestre dirá:

- *Vaise principiar a cerimonia mais augusta da nosa Orde. Estades preparados pra ela de corpo e d'espirto?*

Todos - *Estamos prep[ara]dos.*

O G.M. - *Esta cerimonia é a prefiguración do Augusto Mystéreo que ha ter lugar cand'os nosos tempos sexan cumpridos... Enton o verdadeiro San Graal será manifesto ôs ollos y-o curazón dos escoleitos... De qu'Il sexa manifesto, o Mal ficará pra sempre vencido, y-o trunfo grorioso da nosa Raza e da Tradición ficará afirmado pra sempre.*

Todos - *Amen.*

O G.C. leerá no Libro da Orde o Capítulo do San Graal. Seguidamente, o P.A. prenunciará unha plática sobr'o sinificado do Mystéreo do San Graal.- En todo iste tempo, dous cabaleiros estarán axitando incensarios con incenso e aromas. Igual se queimará en varios pebeteros arredor do Altar...

O G.M. - *No Silenzo e na Paz, meditemos xuntos, queridos irmans.*

Todo fica en silenzo por dez ou quince minutos de preparación mental, nos que os Cabaleiros deben meditar ben no que eli vai pasar... Pasado o tempo, a orquesta, podendo ser, principiará *Os encantos do Viernes Santo* do *Parsifal* de Wagner. O G.M. erguese cos Capitulares e dirixense ô Altar. Abres'a cortina da urna deixando manifesto o Graal. Os Cabaleiros todos cairán de xoenllos e cantarán o hino do Graal... O G.M. colle a Copa, faise un silenzo, o G.M. volvese car'os presentes co San Graal collido pol-a parte estreita do soporte coa man direita, y-a esquerda por debaixo do pé:

O G.M. - *Santa Terra: ofercémosche iste sangue simbólico, en lembranza do sangue precioso dos héroes da Raza. Polo Sagro Mystereo do qu'iste Cáliz é lembranza na Comunión cristiá, queira o Ceo bendecir iste sangue y-o noso esforzo redentor da Terra.*

Todos - *Amén.*

Rompe a orquesta de novo, e ô chegar ô *tema do Graal*, o G.M. ergue lentamente a copa por riba da sua testa... Lentamente vólvese e pon o Graal na urna, corr'a cortina e baixa do Altar

O G.M. - *Cabaleiros, o Mystéreo romatou, soparémonos en paz...* Van saindo como no Capítulo solene.

Título VIII.

Da recomposición da Espada.

Ista cerimonia terá lugar cand'haxa membros galegos e portugueses da Orde axuntados. Diante do Capítulo costituido. Chaman â porta.

O A.X. - *Quen chama â porta do Templo?*

Afora - *Un que precisa a poderosa axuda dos Cabaleiros do Graal.*

O A.X. - *Quen pide a nosa axuda?*

Afora - *Un Cabaleiro desvalido.*

O A.X. vaise incrinar diante do G.M. - *Soberán Señor: un Cabaleiro desvalido solicita a axuda dos Cabaleiros do San Graal.*

O G.M. - *Que entre axiña.*

O A.X. fai franquear a porta, e entra un Cabaleiro vestido de loito que se vai pôr de xoenllos diante do Gran M.

O G.M. - *Sodes vos o Cabaleiro desvalido que solicita a nosa axuda?*

O Cabaleiro enloitado - *Eu son, soberan Señor.*

O G.M. - *Ergueivos e sentaivos, Cabaleiro.* (Dous Capitulares poñen unha silla pro Cabaleiro enloitado frente por frente do G.M. Outro traille n-unha bandeixa unha copa de viño).

O G.M. - *Bebei e confortaivos, Cabaleiro; traguedes moito camiño?*

O C.E. - *Xa din moitas veces a volta ô mundo*

O G.M. - *Y-hai moito tempo qu'andades en pelingriñación?*

O C.E. - *Dende qu'El-Rei Artús caeu na batalla da Limia.*

O G.M. - *Que causa vos trai a correl-o mundo?*

O C.E. - *A mesma que me trouxo â presencia da Nosa Maxestade.*

O G.M. - *Logo, en que vos podemos ser de servizo?*

O C.E. érguese, pon un pano no chao, e riba d'il pon a Espada d'El Rei Artús... - *Señores: tend'a bondade d'esaminar esta espada:* (saca da vaina a mitade, sacod'a vaina e cai a outra mitade)*: Señores: a miña alma non pode ter acougo, namentras non atope quen poda soldar os dous pedazos da espada... Cen e cen, e mais mil e mil cabaleiros atopei no camiño, e a todos lles presentei a espada partida, sen que ningun fora capaz de compoñela, mais vos que sodel-os custodios do San Graal, prégovos que probedel-as vosas forzas.*

O G.M. - *Quen dos presentes quer probar d'acometel-a empresa?*

Tres cabaleiros proban de recompoñel-a a Espada sen resultado, cando vaian collel-a ô pirmeiro.

o C.E. - *Collédea, Señor, coiste pano, ou nada poderedes faguer coela...* Probades os tres, ô adiantarse o 4º, o P.A. deterao, e dirá:

- *Non vos cansedes, Señores, que ningún de nós pode pol-o d'agora dar cima a esta empresa, qu'está reservada pr'o reconqueridor do San Graal, e restaurador definitivo da Táboa Redonda, o qu'ha congregar a todol-os pobos céltigos co corno de Breogan dend'o Faro dos Brigantes, aquil que os Celtas do Norte chaman Artús, y-os Celtas do Sur chaman Sebastian, e que na leenda profética chámase Perceval, aquil a quen nós vimos anunciar e preparar o camiño...*

O G.M. - *Tes razon, Eminente irman e Cabaleiro, mais hemos deixar ir sen consolo a quen nos ven pedir cousa tan conforme ô noso estado y-exercicio?... Se somol-os precursores da Terceira Táboa Redonda y-os demandantes do San Graal, fagamos o qu'estea na nosa man: atemos fortementes ises dous pedazos da Espada en espresión da nosa firme vontade e forte intención de velos soldados pra sempre, e qu'ista simbólica cerimonia teña pra mañan unha máxica virtude...*

Todos - *Sexa como dis, Soberan Señor...*

Enton un galego e un portugués, collerán co pano os dous pedazos da espada, y-axuntándoos, ataranos c'un cordón tecido cos colores das duas naciós. O C.E. collerá enton a espada y-ergueráa car'o Ceo: os cabaleiros caen de xoenllos e cantan o hino do Graal. Romatado,

O G.M. - *Pol-a virtude escelsa do Santo Graal fiques soldada, limpa e brilante com'a y-alma da Raza, axuntada pra sempre n-un común ideal, escintilante na man augusta do Restaurador prometido nas duas Terras c'unha soia alma! Cabaleiros e irmans: renovemos o noso xuramento sobresta Espada.*

O C.E. estenda a espada, o G.M. torna o xuramento, e os cabaleiros van poñendo a man direita sobre a espada. Logo, o C.E. vai poñela Espada no Altar.

Título IX.

Da Reprobación dos Cabaleiros.

Cand'un Cabaleiro crebara o seu xuramento, acordada polo Capítulo a reprobación, celebrarase capítulo solene que se principiará coma todos. O G.C. dará conta do feito do Cabaleiro.

O G.M. - *O Soberán Capitulo da Orde do San Graal acordou decrarar ô Cabaleiro Fulan de Tal incurso en reprobación, e coma tal debe ser expulsado da nosa comunión augusta. Algún Cabaleiro ten algo qu'alegar en descargo do condanado?* - Silenzo. Enton distribuense as velas antros Cabaleiros, acesas, com'as do Altar.

O G.M. - *Fulan de Tal, treidor, perxuro, mau cabaleiro, Nós o Soberán Capitulo da Moi Nobre Orde Galega do San Graal, por canto crebaches a tua palabra e faltaches ô teu xuramento, espulsámosche d'antre nós por sempre. Sexas maldito; sexas odiado e despreciado; fuxa a paz da tua concencia, acénete o remordemento, vivas en eterna vergoña, apagues'a tua vi com'estas candeas, e qu'as trevas mais densas e[n?]volvan a tua y-alma por toda a eternidade.*

Todos - *Amen*. E apagan as candeas contr'o chao e tamén s'apagan as do Altar ficando todo âs escuras.

COUSAS TRANSITORIAS

A Orde poderá ser fundada por 12 Cabaleiros - Podendo, débeo ser no monte Cebreiro. N-iste caso o Ceremonial pode ser:

A) Xuramento de todos iles.

B) Prestación de votos.

C) Leutura e firma das Costituciós.

D) Agape fraternal.

E) Mystéreo do Graal

Sería comenente qu'antros 12 houbera pol-o menos un que fose Cabaleiro Cruzado d'unha d'estas Ordes:

Santiago.

Montesa.

Cristo de Portugal.

Santo Sepulcro.

San Xohan de Xerusalem[57].

Así tería título lexítimo pra cruzar e armar Cabaleiros ôs demais, e enton, a xuntanza principiaria por esta cerimonia.

LAVS DEO

57. A orde española dos Cabaleiros de Santiago (hai outra portuguesa homónima) foi fundada polo cóengo Pedro Fernández en Cáceres (1170); a súa misión era protexer aos peregrinos que facían o Camiño a Compostela. A Orde de Cabaleiros de Nosa Señora de Montesa foi fundada polo monarca Jaume II de Aragón en Valencia (1319) e a súa razón era a protección das fronteiras dos mouros. Idéntica misión que a que tiña a orde portuguesa do Santo Cristo fundada por el-rei Don Denís en 1318. Os Cabaleiros de San Xoán de Xerusalén, coñecidos comunmente coma Sanxoanistas ou Hospitalarios, foron fundados, seguindo a regra de San Bieito, polo provenzal Gerard Tenque en 1048 para atender aos peregrinos doentes en Terra Santa. A orde do Santo Sepulcro foi fundada no século XX polos cóengos que tiñan a custodia do templo do Santo Sepulcro en Xerusalén.

As ordes militares españolas tiñan daquela unhas duras esixencias para os postulantes que pedían o ingreso nelas, especialmente por ter que demostrar a súa orixe fidalga (de sangue e non de privilexio). Por iso resultaría inxenua a pretensión de que un cabaleiro das ordes citadas poidese armar aos restantes fundadores, entre outras razóns porque sería incompatible pertencer a máis dunha orde.

DOUTRINA E RITUAL

da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal

Doutrina da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal, en seis capítulos.

Capítulo I. Do Corno de Breogán.

Aconteceu qu'alô no tempo antigo, cando na Eirim andaban os Danand a loitaren cos escuros Fir. Bolg. habia antr'os Celtas nosos abós qu'ocupaban a nosa Terra inteira unha tribu antr'as tribus mais nobre qu'as demais, e chamabase a tribu dos Brigantes y-aficara nas Mariñas de Brigantium. E esta tribu tiña un rey chamado pol-o seu nome Breogan, fillo de Braha, neto de Deyaha, descendente en liña recta de Feun, do nobre y-antiga Raza de Gael.

Mais iste Rei Breogan dos Brigantes foi quen fundou a Brigantium, na terra das Mariñas, e mais tamén â Cruña, e comá sabia ler o porvir nas estrelas, erguen tamén unha Torre que lle serviva d'observatorio, e esta Torre foi chamada logo a Torre d'Ércoles, pol-as mintiras dos Gregos e pol-a ignorancia das xentes.

E mais Breogan tivo catro fillos, que foron Ith, e Amairgen, y-Ebero, y-Eremon. Ith adicouse â guerra; Amairgen â poesía y-ô canto; Ebero âs cerimonias da relixon y-Eremon ô estudo das ciencias. E na Torre de Breogan puxeron un espello no que se viañ todal-as cousas do mundo, por bon louxe qu'estiveran.

Mais unha vez subiu Ith, fillo de Breogan, â Torre do seu pai, pr'observal-os catro puntos cardiais, e mirando cara ô Norte, miron unha illa lonxana, unha terra irmã da nosa, "com'ela verde, com'ela ermosa" y-entron na cobiza d'ir a ela. E baixou, e relatou o que viran ôs seus irmaus y-ô seu pai Breogan, e determiñaron d'ir a conquerila.

Entón El-Rei Breogan subiu â Torre e tocou o seu Corno, chamando en catro direicións, pra que s'ouviria en toda a Pátrea dos Celtas. E entón acudiron os feros Brigantes, e os Bretons de corpos ben cumpridos, e os Nervios queimados do vento marciro, y-os Presamarcos, domeadores de cabalos salvaxés, e os Artabros fortes, e os Medulios da serra, e os Trivios, e os Spacos, e os Nemetanos e as tribus todas dos xenerosos Celtas, todas en armas, e de cada unha, Breogan escolleu mil dos mais valentes, y-embarcaron con Ith, fillo de Breogan, en barcos de vimbio cobertos de pelicas curtidas, e Breogan cos outros seus tres fillos subiu â Torre pra mirar comá marchaban os barcos de coiro ond'iba Ith, fillo de Breogan, neto de Braha, bisneto de Deyaha, descendente en liña recta de Feun, da nobre y-antiga Raza de Gael.

Mais Ith, fillo de Breogan, e os Celtas galegos qu'iban na sua compañia en barcos de coiro, chegaron a Eirim a Verde, e loitaron en guerra coas xentes qu'eli habia, mais Ith n-unha batalla foi ferido e morto... E chegou a nova a Breogan, rei dos Brigantes, ô qu'obedecian os Celtas todos da Galiza, e com'o soupo subiu â Torre do Faro Brigantiño, e dend'eli tocou o Corno en catro direicións, pra que viñeran todol-os guerreiros de todal-as tribus, e axuntados qu'estiveron, Breogan mandounos pra que foran, mandados polos tres fillos que lle quedaban y-eran Amairgen y-Ebero y-Eremon, a Eirim a Verde, pra vingar a Ith seu irmau.

E velaiqui qu'Amairgen y-Ebero y-Eremon eran bardos e cantaban acompañandose con gaitas e con harpas d'Ouro. E partiron polo mar adiante, e cando chegaron a Eirim a Verde, ô pôr o pé no chao, Amairgen cantou unha saga que se conserva ainda nos códices irlandeses... E logo, loitaron feramente, e vingaron a Ith, fillo de Breogan, e conquerironn a Eirim a Verde y-Eremon foi o primeiro Rei d'Eirim... Y-alô foi tamén o Rei Breogan pra ver ôs seus fillos, y-eli morreu.

Cand'a triste nova da morte de Breogan se soubo na Galiza, houbo gran dôo en todal-as tribus e viuse chorar ôs guerreiros todos, os que lle faguian o pranto e cramaban que querian ver ô seu xefe difunto, e mais os Brigantes querian tel-os seus ósos... Entón dispuxeron os fillos de Breogan e mar-

darou a Lughaigh, fillo de Ith que traquera a Galiza o corpo morto do Rei.

E chegou Lugaigh, co corpo do seu abó ô Porto Grande dos Artabros, ond'está o Faro dos Brigantes, que é a Torre de Brocogán, e por diante do corpo do Rei desfiarou todol-os queixeiros de todal-as tribus, e despois o corpo enterárono debaixo da Torre, e son os ósos que se ven no escudo da Cruña.

Entón Lughaigh fixo coñecer a todos o Testamento de Brocogan, que lle deixaba ôs Celtas Galegos o seu Corno de guerra, có-estas verbas:

"Cando a Galiza, herencia da nobre y-heroica Raza dos Celtas, esquecida das suas leis e dos seus costumes, arroballada de xentes estranxeiras, apareza sumida no sono noxento da escravitude, cando todo parexa perdido, e non alumee nin o estrelecer d'unha pequena esprauza na negra sobra qu'envolteza â vosa Terra

Entón soará de novo o Corno de Brocogán a sua chamada y-o seu son irá no vento, autr'o fungar dos numerosos pinos.

E ô seu són han espertar os bós e xenerosos, os que s'axuntarán e s'erguerán en Irmandade, â espreita da chegada do qu'axuntará os dous pedazos da Espada.

E qu'un dia, dendo Faro dos Brigantes o soar do Corno de Brocogán anuncie ô mundo inteiro a Restauración definitiva da Pátrea dos Celtas:

Galiza Ceibe!"

Os fillos de Brocogan istituiron na Eirin os Mystéreos dos Bardos, e logo, os sabios fipérouse Druidas. O Druidismo espallouse por todolos paises Céltigos, mais preseguido polos Romaos y-os Saxons, tivo que ser praticado d'ocultis. Os Bardos de mais sona foron Taliesin en Cambria e Ossian e Fingal na Eirin. A Orde foi reformada por Merlin no seculo V. Os Estatutos escribírouse no ano 940 e reformáronse no 1078 por Gryffyth ap Conan, e restaurouse en Londinum en 1781 e d'ali pasou a Francia, Alemaña y-Amèrica. En 1861 tivose o Gorsedd arredor do dolme de Glamorganshire.

Os sete paises céltigos son a saber: Caledonia, que se chama Highlands (Escocia).
A Illa de Man.
Cambria, que se chama Gales. (Inglaterra)
Cornubia, que se chama Cornwall (Inglaterra)
Eirin, que se chama Irlanda.
Armórica, que se chama Bretaña (Francia)
Galiza

Capitulo III Da Espada d'El-Rei Artús.

El-Rei Artus de Cambria, principe dos Silures, que viñeran das veiras do rio Sil, usou sempre a Espada Màxica Scalibor, que tiña puño d'óuix. A Espada Màxica Scalibor estaba encantada na illa d'Ons, que è â entrada da Ria de [illegible] Unha àguia poderosa tiñaa collida nas gaivas, y-estaba ademais gardada por un dragon.

A'contecen que adoecido o Principe dos Diaños do Inferno pol-a padricaión do Santo Apostol Santiago, e [illegible] de Xosé d'Arimatheia, e mais do San Patrick e do San Columban, que todal-as almas do Occidente lle tiraban das pontas, chamou a consello a todol-os demos, e pol-o consello que lle deron, mandou â Terra un d'eles disfrazado, pra que, entrando d'unha ovxe existiã, empeudrara un fillo que fose o destrutor da caste dos homes. O demo aquil foi parar na casa d'un fidalgo bretón que tiña tres fillas moi fermosas, y-a mais nova, anque lle resistiu, non pudo impedir qu'o demo, de noite, mentras durmia, estivera co-ela y-a deixara preñada. Luton meteronna n-unha torre pra logo ser xusgada conforme â lei qu'habia no pais.

Y-estando a dona presa na torre, pariu un neno todo negro e peludo, e ficou chea de medo, mais a creanza con gran asombro d'ela, falou e dixolle: "Non paredes medo, ña nai, que non vos son o demo". Mais un Santo de Deus chamado Brás pillou ô neno, e batizouno, e pusolle por nome Ambrosio, co que ficou burlado o Principe dos Diaños do Inferno! E cando levaron â nai ond'os xueces, o pequeno que non tiña mais que seis meses, falou eli, e perguntoulle a un d'iles quen era il pra xurgar â sua nai, se il era fillo adulterino do Prior d'un convento. E con'era certo, os xueces, pra tapal-o asunto, tiveron que deixar solta â dona.

Mais o Santo Brás, pra temar que non foran preseguir ô pequeno, pillouno e levoullo ô Gran Mestre dos Bardos, que era entón Taliesin, pra que temara d'il. E Taliesin colleu ô pequeno, e pusolle por nome Merlin y-ensiñoulle a chave dos outos symbolos e mysteres, o principio das tres ridas: o Abysmo, a Terra e o Ceo. E Merlin deprendeu a profetizar pol-os astros e mais a tomal-a bonellaurza qu'il quería metándose co zume d'unhas erbas, e â novel-as pedras meirandes seu contanto, e a voar montado n-un veado qu'il domesticou, e a compoñer versos e tocal-a harpa. E cando tivo os anos, Taliesin consagrouno coma Bardoprofeta.

E logo Merlin serviu coma Bardo a Uter Pendragon, Rei de Bretaña, ou Albion, e namentras reinou Uter Pendragon, Merlin acometeu y-acompriu tres empresas, a saber:

A primeira foi qu'habia na Eirin tres circos de pedras, erigeitos eli pol-os fillos de Breogan, e chamábanse Kor-y-Kewri, ou sexa a Danza dos Xigantes, e n-as covinas qu'habia n-elas detiñase a auga do ceo e fechaba as feridas e daba a vida, y-onda-or medraban erbas salutares. E Uter mandou en procura d'aquelas pedras 15.000 homes e nonas poderon mover, mais Merlin co son da sua harpa, moveunas e fixoas vir pol-o ar... E d'estas pedras hai moitas na nosa Terra, que cecais sepan das que troxo Merlin.

A segunda foi que Merlin descobriu e troxo a Tàbora Redonda ond'o Noso Señor ceou cos Apóstolos na cea Derradeira, e levouna pra Kaerdevil, corte d'El-Rei Uter Pendragon, y-eli foi istituida no dia de Pentecostés a Orde da Tàbora Redonda, e sentaronse a ela 50 cabaleiros e homes de ben do reino, e un fici un sitio libre reservado pr'o que trouxera o San Graal.

A terceira foi que veu â illa d'Ons, e coa harpa adormeceu ô dragon, e sacou a Espada Màxica Scalibor das gaivas da Aguia, e levouna escondida pra devesa onde se juntaban os Bardos.

Uter Pendragon tivo amores con Igerna, muller do duque de Tintadiel, da que tivo un fillo que

se chamou Artús Pendragon, e Merlin recolleunos e levounos à devesa dos Bardos y-eli, o vello Autor daballe manteuza e Merlin dàball' ensiño.

E cando Uter morreu, Merlin dixo ôs seus leudes que pregasen a Deus qu'os alumease pr'escoller un Rei, e qu'agardasen à festa do Nadal. Porque namentras qu'a xente estaba na Misa do Galo na Catredal de Kerleon, foi Merlin e puxo a Espada Scalibor deitada no adro, cun letreiro que decia: "Aquil que conseguir erguenme será Rei pol-a vontade de Xesucristos." E cando saíron da Misa do Galo, os grandes, o Arcebispo o primeiro, foron probando un por un, a ver s'era que podian erguel-a Espada, e nono conseguiron, porque sòmentes o chamado a guiar à Raza Céltiga poderia erguela ... Por iso foi que chegou Artus e poden, e collenna y-erguenna o mesmo que si fora unha pluma. E Merlin decobriu a sua orixe e puxèronno por Rei.

E Artús, axudado por Merlin defendeu con vitoria as terras dos Celtas, e gañou moitas batallas contra dos Saxons, e restabeleceu a Santa Relixon Cristiá nas terras céltigas, e istituiu a Segunda Táboa Redonda, e pol-o consello de Merlin, mandou ô mais puro dos cabaleiros Sir Galahad que fora en demanda do San Graal, e deixoulle o posto reservado na Tábua Redonda.

E conqueriu Caledonia, y-Eirinn, y-Armòrica, e Galira, e tamèn Skandia e Islandia e Gothlandia e Jutlandia, e reinou logo en paz, e foi a Paz Artúniga, que foi posibel porque todal-as nasiós céltigas estaban axuntadas n-un sòio reinado, porque o reinado da Raza dos Celtas è o reinado da Paz. E tivo todo aquil tempo a Espada Scalibor metida na vaina e coa punta posta pr'à Terra, en sinal de Paz.

Mais veleiquí coma se perden a Paz: Artús casouse con Xinebra filla do duque de Comubia, e soubo qu'un dos cabaleiros da Tábua Redonda, Lancelot do Lago, amaba cabaleiro por iArtús, tivo amores coa Raiña Xinebra, e a irmà d'Artus qu'era a fada Morgaña, descobriunos, e Artus perseguiu a Lancelot, e Lancelot fuxiu ... Mais vendo a Artus apenado e sen ànemos, o seu sobriño Mordred dixolle que mandara a Merlin buscar unha erba màxica que se cria na devesa de Broceliande, que è na Armòrica, coa que curaría o seu mal. E así foi; Merlin partiu, e chegou à devesa de Broceliande, y-eli atopou a Bibiana, fada de moita fermosura, e namoriouse d'ela, e púxose a l'ensinal-a Arte Màxica...

Namentras foi Mordred e chamou ôs Mouros da Hespaña pra que lle deran ausilios, y-axudado por iles, quitoulle a Artus a coroa... Artus defendeuse, y-ainda perseguiu a Mordred y-ôs Mouros hastr'os chaos da Liuia, mais eli trabouse batalla, e no fragor da loita, à Espada Scalibor rompeuse en pedazos, Artús ficou malferido e tivéronno que sacar do campo e levàronno à illa d'Avalon, no Mar Atlántico, onde foi curado por nove irxes, e y-os exércitos d'Artus ficaron encantados e trasformados en mosquitos a voar por riba da Lagoa, agardando qu'os tempos sexan chegados. E Mordred púxose donno do reino d'Artus, e repartiu cos Mouros.

E cando voltou Merlin, que leixara a harpa esquecida en Broceliande, e viu a disgracia d'Artús, sinal do cautiverio da Raza Céltiga, desesprado dos agoiros, voltou a Broceliande, y-eli Bibiana qu'o amaba, pra non perdelo, encantouno n-unha torre qu'erguen c-un desconxuro, y-eli ficou Merlin profetizando...

Mais Lancelot arrependido, vingou a Artús, matou ô traidor Mordred e botou ôs Mouros fora de todalas terras dos Celtas, si ben moitos ficaron n-elas encantados, cos seus tesouros... A Raiña Xinebra meteuse monpa e Lancelot con Hector de Mares ùltimo que quedou da batalla da Liuia, foronse d'ermitaños...

Namentras, Sir Galahad chegou a ver-o San Graal, que ficou no Monte Cebreiro, hastra tanto qu'

aregim a profecia de Merlim, nontome o Desepado · qu'está na Illa Encuberta pr'axuntal-os pedaços da Espada partida na batalla da Linia contra dos Mouros da Hespaña, e fundal-a Terceira Táboa Redonda, ond'o anunciado Perceval, diante dos bos e xenerosos congregados ô son do Corno de Bregan, vendo chegadol-os tempos, fará brilar a Estrela por riba do San Graal...

Capitulo IV. Da Copa do San Graal.

Asegim conta a Beata Ana Catelina Emmerich, a Copa do San Graal era feita d'unha sustancia descoñecida, que non parecia pedra nin metal, senon mais ben con unh'especie de vexetaciôn; tiña duas asas e mais un pé feitos d'ouro virxe, onde tiña grabada unha cangalla d'uvas e mais unha cobra. Tiña tapadeira, e dentro levaba outro vaso mais pequeno e mais un prato ou patena, y-ondor outras séis copas semellantes, y-ainda unha culler... Este vaso estivo na y-Arca de Noé e pertenceu logo ôs Patriarcas da Antiga Lei. N'il foi ond'o Sumo Sacerdote Melchisedech, Rei de Salem, ofereceu o viño a Abraham. Logo estivo nas mans de Moisés, e figurou no Templo de Xerusalem, hastra qu'ô fin foi esquecido, y-os sacerdotes vendéronos autr'outras cousas vellas e mercoume unha muller chamada Seraphia, ou Verónica, na casa da que foi a Santa Cea y-eli consagrou Noso Señor o viño, e verificouse o mysterio da Transubstanciaçon. Eli foi ond'o collen Xosé d'Arimathéia, e cando, axudado de Nicodemos baixou ô Noso Señor da Cruz recollen na Copa o Precioso Sangue que colaba das Cinco Chagas. E aquil sangue tiña a virtude de dal-a vida eterna, non somentes ás almas, senon tamén ôs corpos...

Os Xudeus collerou a Xosé d'Arimathéia, sacaronll'a Copa e meteronos na cadea; mais os Anjos baixaron do Ceo, sacaronll'a Copa ôs Xudeus y-o Noso Señor apareceulle a Xosé na cadea e voltoulle a Copa. E todol-os anos, pol-o Venres Santo, baixaba do Ceo unha pomba e renovaba a virtude da Santa Copa... Cando Tito Vespasiano tomou a Xerusalem, Xosé d'Arimathéia, despois de 42 anos de cadea, foi posto en liberdade. E cand'iba vello, caiu n'un éstase ou letargo, do que, pol-a virtude do San Graal saiu novamente tan mozo como cando viu morrer ô Noso Señor. E d'iste xeito viviu pol-o menos hastr'o seculo XIII da nosa Era, pois por aquil tempo ainda xantou á mesa c'un Bispo Anglico qu'estivo n-Inglaterra.

E cando Xosé, en compaña co Santo Apostol Santiago, veu a Galiza a predical-o Evanxeo, ôs Celtas nosos abós, troupo coll'a Copa Santa e istituiu a Orde do San Graal, a que deu pois de morto o Apóstolo tivo a sua séde no Pico Sagro, hastra que nos viñeron os Mouros, qu'entón levárona ô Monte Cebreiro, y-eli mantivos'oculta, na posesiôn da Reliquia Santa.

Y-en lembranza d'elo, no escudo d'armas da Galiza, pixose antremedio de Sete Cruces, o San Graal en campo d'azur, y-arredor a esc'ición que di: MYSTERIUM HOC FIRMI TER PROFITEMUR, pra que de todol-os galegos sepa venerado, y-en lembranza de tan santo CALIZ a nosa Terra foi chamada CALIZA, mudándose despois en GALIZA en lembranza dos GALO-BRETÓS, fillos de Bregan que a habitan.

Cand'El-Rei Artús istituiu a Segunda Tabóa Redonda, deixou n-ela un sitio pr'ô qu'houbera de conquerir-o San Graal, e mandou a Sir Galahad, fillo de Lancelot do Lago en demanda do San Graal. E partiu Sir Galahad, y-arribou á nosa Terra, e chegou ô Monte Cebreiro, e foille manifestado, porqu'era limpo e puro e limpo de curazon, o Mysterio do San Graal. Mais ô tempo, pra os Mouros d'Hespaña venceran a El-Rei Artús e partiraull'a Espada, na batalla

da Livnia, y-os cabaleiros da Távoa Redonda estában encantados na lagoa, y-o mesmo Artús ferido estába de morte, e na illa d'Avalon durmia, de peito qu'o San Graal no Cebreiro ficou, y-eli estará, oculto ós ollos de todos, namentras non veña o qu'ha d'untal-os pedazos da Espada d'Artús, que ha ser-o Restaurador da Távoa Redonda. Amen.

Capitulo V. Do Parsifal ou Perceval.

Hase de saber que a estórea que se conta no libro da Demanda do Santo Grial, ou sexa a faraña de Sir Galahad, fillo de Lancelot do Lago e cabaleiro da Segunda Távoa Redonda, refirese ó Tempo Pasado, e refire as cousas atal é cousa foran acontecidas na época groriosa d'El-Rei Artús, que foi no século V da nosa Era Cristiá. Mais estórea de Perceval — en alemán Parsifal — que contan Wolfang d'Eschenbach e mais Ricardo Wagner, refirese ó Tempo Futuro, e prefigura a costitución da Terceira Távoa Redonda, que ha de vir, somentes que nin Wolfang d'Eschenbach nin Ricardo Wagner oñecían a Terra ond'o prodixo ha d'acontecer, nin tampouco o nome do héroe qu'ha acometel-a empresa y-acomptila, o qual é chamado n-unhos lados Artús, e n-outros Sebastian, mais ides chamarvolle co nome sygnbólico de Parsifal que é Perceval.

E veleiquí a estórea:

No cume do Monte Cebreiro está o Castelo do Monsalvat, ond'os Cabaleiros do San Graal gardan a sua preciosa reliquia. Titurel foi o fundador d'aquil reino. Todolos anos o Venres Santo, baixa do Ceo unha pomba a renovar-a virtude do San Graal.

Mais o Mouro Hespañol Klingsor quipo ser Cabaleiro do Graal, pro coñ'era vicioso e malvado, Titurel non-no admitiu. E Klingsor, pra poder resistir ós seus desexos, capouse, e entón Titurel espulsounno da Terra do Graal. E Klingsor por vingaura fixo pauto co Demo, y-o Demo deulle un espello pra ver todo o que pasaba n-un radio de 5 léigoas, e fixo-lle un castelo encantado n-un xardin dleo d'encantos seductores, pra que n-il caisen en pecado os cabaleiros do Graal.

E o Rei Anfortas, fillo de Titurel, entrou no xardin de Klingsor e saiulle Kundry, muller qu'estaba sometida á influenza máxica de Klingsor. E Anfortas pecou con Kundry, e cando quipo atacar a Klingsor coa laura de Longinos, vai Klingsor e quitoulla, e feriu cocla a Anfortas no peito, e Anfortas dóese sempre d'aquela ferida, da que non poderá sanar namentras non chegar un ser de curazón puro e limpo de mal, o que ha recobral-a laura de Longinos e cocla ha tocal-a ferida d'Anfortas, e d'iste peito, Anfortas sanará.

Mais un dia chega á devesa sagrada de Salvaterra un rapar que parece tonto, e iste rapar mata un dos cisnes sagrados do Graal. E os cabaleiros collen ó rapar e lévano ó vello Gurnemanz, e Gurnemanz pergúntalle quen é, e coma se chama, e quen è seu pai, e coñ'eli chegou. Mais o rapar só sabe qu'a sua nai se chamaba Erzeleide... E mais Kundry ~~que~~ cando non está ~~baixo~~ influencia da por Klingsor, sirve ós cabaleiros do Graal, e está con Gurnemanz. E Kundry sabe que Erzeleide morreu. E Gurnemanz leva ó rapar ó Monsalvato. E no Monsalvato vaise celebrar o Mysterio ~~Restaurador~~ y-as campás están a chamar. E están os Cabaleiros xuntos, e Titurel no seu leito quere aínda ver o Graal por derradeira ver, e manda a Anfortas que o descubra, e faino e os Cabaleiros cantan o hino do Graal... Mais Parsifal está calado e Gurnemanz pensa que non compreende e bótao fora do Monsalvat.

E Parsifal vai dar ó Xardin de Klingsor y-as mulleres-frores queren seducilo e non poden, por que ten o curazon puro e limpo de mal. Mais ven Kundry e Parsifal resiste a Kundry. E Kundry chama a Klingsor, o Mouro Hespañol. E chega Klingsor coa laura de Longinos e cocla quer atravesar a Parsifal, mais a laura fica pendurada no ar, e non fire ó ome puro, senon que iste

pilla a lanza, e cocla fai o siñal da Santa Cruz. E entom o Castelo encantado de Klingsor veuse abaixo y-o Mouro fica sepultado debaixo das pedras, e mais o xardin miragroso todo e fica convertido nun ermo pociruto.

E Parsifal vai entom en Demanda do San Graal. E leva a lanza de Longinos, pro non se deixa de cocla; e leva armas de cor negra, e renuncia â par e mais ô amor, namentres non atopa o San Graal. E vai polo mundo adiante

E namentras, a Santa Communidade do Graal, caeu na meirande miseria, e está de todos esquecida e ignorada. O vello Gurnemanz, cheio de tristura foise a lagoa vida de ermitaño penitente, ninha probe choupana, e Kundry está-o servindo. E un dia chega â choupana de Gurnemanz o Cabaleiro Negro Parsifal. E ô velo, o vello Gurnemanz recoñece a lanza de Longinos e mais tamén recoñece ô rapaz qu'un dia levou ô Monsalvato. E aquil dia é Vienres Santo, e Gurnemanz di a Parsifal que non debe levar armas. E Parsifal quitase a armadura e chanta a lanza no chao. Entom Kundry lavall'os pés, e Gurnemanz unxeo por Rei do Monsalvato. E Parsifal bautiza a Kundry.

E cando chegan ô Monsalvato, os Cabaleiros celebran os funerais do vello Rei Titurel. E pregan a Anfortas que descubra o Graal, mais Anfortas non quer, porque somentes quer que veña a morte. E n-esto entra Parsifal, e Gurnemanz e Kundry. E Parsifal coa punta da lanza de Longinos toca a ferida que ten Anfortas no peito, y-a ferida d'Anfortas fica curada.

E Parsifal sube ô estrado, e descobre o San Graal e ergue a Copa cara'o Ceo
e do Ceo baixa a Pomba branca....
Amen.

Eis a Profecia.

Capitulo VI. En que se declara'o symbolismo da Orde Galega do San Graal en perguntas e respostas.

1.— Que significa a Orde do San Graal?
— A xuntanza dos Bós e Xenerosos pra restaurarcn o Ideal e a Tradición da Santa Terra Galega, Celtibe e Soberana.

2.— Que significan as Armas da Orde?
— Son en campo d'Azur pra represental-a celeste calidade da Santa Terra Galega, escolleita entre todas-as do mundo pra gardal-o Calix Sagrado e coa sua virtude creal-a Civilización Futura. Leva en ouro o San Graal, reliquia divina da nosa Tradición Céltiga. Leva riba d'él a Estrela da Liberdade da Terra que guia ôs Bós e Xenerosos.

3.— Que significa o Corno de Bregoan?
— É a vóz da Terra asoballada a chamar pol-os Bós e Xenerosos qu'a han cibar da escravitude.

4.— Que significa Bregoan?
— Significa que son os nosos abós os Celtas os que no noso sangue e na nosa y-alma chaman co clamor da Terra. Bregoán é o lleve epónimo da nosa Raza que sopra no seu corno pra voltar a erguer flamas acesas no seu Fogar aberto de cinsa...

5.— Que cinsa é isa?
— É a tradición allea cobrindo y-apagando â nosa.

6.— Que hai que facer coa cinsa da tradición allea?

— Hai qu'aventala co vento do noso Ideal.

7.— Que siinifica a Torre de Breogan?

— O Estado Celtogalego.

8.— Que é o qu'hai n-ela?

— Un espello onde se vé a inman Yrlanda.

9.— Que siinifica ise espello?

— Que nós os galegos en todo nos debemos iinitar ôs irlandeses.

10.— Que siinifica a Estrela do Apóstolo?

— Siinifica primeiramentes, coma fica dito ô decrararmol-as armas da Orde, a liberdade da Terra Galega, â demanda da que andan os bós e xeneroso.

Segundamentes, siinifica a figura da propria Terra Galega, qu'é d'unha estrela de cinco puntas que son: o cabo Fisterre, o cabo Ortegal, Ribadeo, o Penedo dos Reinos y-a Punta de Santa Tecla. E o representala no médeo do azur do Mar Atlántico, quer decir qu'espiritualmentes, e coma nazón, ela debe ser unha Inana, coma Yrlanda... Y-esta Estrela, ô vermelo no ceo, indica qu'o pensamento costante dos bós e xeneroso debe ser a sua Terra, que é ciqui na terra como a estrela mais brilante do ceo; indica que por riba de todal-as cousas do mundo, han amar â sua Terra y-a sua liberdade procurar; indica o qu'ha ser no futuro a nosa Terra trasfigurada polo noso sacrifizo.

E terceiramentes, indica que a nosa Terra foi escolleita e siñalada pola Vontade que diinpe os mundos y-a estórea pra que fose a y-Arca do novo Diolbo das Inunás paipoes, onde se refuxie a Tradición y-o Berce do Mundo Novo e repenerado pol-a Civilizasón Atlántica, porqu'ela é a Estrela qu'alomea a y-Arca Namórea y-o Camiño dos Magos...

11.— Que siinifica logo, o Apostol Sant Yago?

— É o Nuncio da Boa Nova.

12.— Cal é a Boa Nova?

— A liberación da nosa Terra.

13.— Que siinifica a y-Arca Namórea?

— O depósito da veneranda Tradición.

14.— Que siinifican os dous descobrimentos do corpo do Apóstolo?

— Que por duas veces a nosa Tradición foi esquecida, e por duas veces a Nasón Galega sofreu do xugo estranpeiro, unha baixo dos Mouros, y-outra baixo dos Castelaos.

15.— Lutón, que nos di o segundo descobrimento?

— Qu'os tempos da nosa liberdade van chegar logo.

16.— Que siinifican os Mouros do Pico Sagro?

— Os estranpeiros qu'asoballan â nosa Terra. O Klingsor do Parsifal é un d'ises Mouros

17.— Que siinifica a Espada d'El-Nei Artús?

— É a Espada que corta as cadeas d'escraitude qu'asoballan â Nasa Celta.

18.— Quen pod'erguer do chao esa Espada?

— Soamentes o que tendo a y-alma pura e limpa, estea disposto a dala sua vida pola Pátria

19.— Quen era Artús e que siinifica?
— Era un descendente de Breogan, e siinifica o pasado groriozo dos Celtas todos, y-o seu porvir ainda mais groriozo. Artús é o noso Mesías prometido.
20.— E outro nome leva ise Mesías?
— O nome de Sebastián.
21.— Onde foi que se partiu a Espada Scalibor?
— Na batalla da Limia, contra dos Mouros da Hespaña.
22.— Quen mandaba ôs Mouros da Hespaña?
— O traidor Mordred.
23.— Que siinifica o traidor Mordred?
— Os maus galegos que fan causa comun cos tiranos de sua Pátria.
24.— Que siinifica o encantador Merlin?
— A suprema sabencia das cousas de Galiza e da Raza Celta.
25.— Que siinifica a Espada Partida?
— Siinifica a soparación de Galiza e Portugal, que son un mesmo pobo cunha sóia y-alma representada por esa Espada Partida.
26.— Cand' han ser apuntadol-os doos pedaros da Espada?
— Cando sepan chegadol-os tempos qu' anuncion o Bardo das Edades.
27.— Quen foi o Bardo das Edades?
— Foi Ambrosio Merlin.
28.— Qu'ha ocorrer entón?
— Que virá o Encuberto qu' agardamos.
29.— Cantos nomes ten o Encuberto nas lendas?
— Tres: Artus, Sebastian e Percebal.
30.— Que siinifica a Copa do San Graal?
— Primeiro é a Copa ond'os escolleitos que se chaman os Bós e Xenerosos beben a comunión co sangue da nosa Terra que n-ela se conserva, e que lles dá vida espiritual e quentor de fidalguia, e azos pra loitaren por Ela. N-esa Copa está a Lembranza da nosa Tradición y-o esquecemento de todolos engados do xardin de Klingsor qu'os queren arredar do seu camiño. Quen n-esa Copa beber, fica trasfigurado pola virtude da y-alma da Terra.
31.— E que mais?
— Segundamentes, é a Copa ond'a Terra, coma Nai piedosa, apudada por aquiles que nona deixan nas horas d'amargura, recolle o sangue bieito dos Héroes da Raza, que verteron xenerosamente pola liberdade da Santa Galiza.
32.— A quén s'imitan os que non abandonan â nai Terra nas horas d'amargura?
— Imítanse ôs Santos Discípulos do Noso Señor: Xosé d'Arimathea e Nicodemos e Xan o Vidente que tampouco deixaron sóia â Virxe María cando choraba ô seu fillo divino; e os Héroes da Raza imítanse no seu sacrifizo a Xesucristos, noso Salvador, que son os eixemplos mais dinos d'imitanza.
33.— E terceiramentes, que siinifica a Copa do San Graal?
— A Saudade da nosa Liberazón y-a eternidade da Raza Celta e da Pátria Galega.

34.— Que siñifica a Táboa Redonda?

— A Comuñión dos Bós e Xenerosos antr'eles e cos seus devanceiros os Héroes da Raza e da Terra, en espectación saudosa da Restauración da Pátria en actualidade e mais en éternidade.

35.— Candl'a Patria Celto Galega ha ser restaurada en actualidade?

— Candu cheguen os primeiros tempos.

36 — Que queredes diñir coeso?

— Candl'o esforzo dos Bós e Xenerosos sáia vinturoso dos venigos da Patria. Luton ha baixal-a Estrela sobr'o Graal erqueito ô Ceo.

37.— E candl'a Patria Galega ha ser restaurada en éternidade?

— Candu cheguen os segundos tempos.

38.— Que è o que queredes diñir?

— Candl'a Esprauza se torne Lembrauza, ari coma Nosa a Lembrauza é Esprauza; porqu'está escrito do Nousalvato: "Eiqui o Tempo é Esparo". Luton ha baixal-a Pouba sobor do Graal erqueito ô Ceo.

39.— Que Pouba é'ise?

— É a Pouba qu'anuncia o se retiraren as augas do novo Diluvio das humás paixoes.

40.— Ond'está o San Graal?

— Está no Monte Cebreiro, o embigo occidental do mundo, a Delphos Atlántica y-occidental Xerusalem. Dend'eli vese terra de Mouros, ou sexa d'Ibéros.

41.— Quen é o Perceval?

— Das'ise nome ô Cabaleiro diuo d'atopal-o San Graal.

42.— Que siñifica?

— A pureza e a virtude que deben adornar ôs cabaleiros do Graal.

43.— Que siñifica Titurel?

— Siñifica a Galiza antiga, ceibe y-excebe. A Galiza de Breogan, de Gelmirez e de Pardo de Cela.

44.— Que siñifica Amfortas?

— Siñifica a Galiza d'hoxe, doida y-esbaillada.

45.— Que siñifica Klingsor?

— Os venigos de Galiza qu'a teñen esbaillada.

46.— Que siñifica o Xardin de Klingsor?

— Siñifica a seducion da Frivolidade.

47.— Que siñifica Kundry?

— Siñifica a seducion do qu'againma as paixoes dos homes.

48.— Que siñifica Gurnemanz?

— O Mestre iniciado nos Mystéreos do Graal, que son as cousas da Terra Galega e qu'amostra ôs novos o camiño qu'han seguir.

49.— Que siñifica Parsifal?

— As novas xeneracións dos Bós e Xenerosos, chamadas a redimireen a Terra, esto é, a curar a Amfortas da sua ferida, que è o esquecemento no que o Pobo Galego está de si mesmo, e polo que non pode recibir los beneficios da sua Tradición, esto é, non pode consagral-o Grial que prolonga a sua vida mais non cura a sua dor.

50.— Que siñifica a Lanza de Longinos?

— Qu'os nosos venigos feironos coas nosas propias armas que nós ceibamos das mans seducidos polo encantamento de Kundry. Pro esas armas nada poden contr'os Bós e Xenerosos, senon qu'estes han feir coelas ô Taimado Klingsor que todo quere reducir ô seu imperio, e ferido il, esborrallarase o seu Castelo.

51.— De que se teñen que gardar Parsifal?

— Primeiro das frores do pardin de Klingsor, que son a frivolidade qu'escunde debaixo un ermo esteril. Despois das suas propias paixoes, ou sexa as aselas do seu curazon estraviadas por Klingsor que è o que representa

Kundry.

52.– Que significa a conversión de Kundry?

– Kundry non é mala mais que cando está baixo o poder de Klingsor. A súa conversión significa que todalas arelas do curazón do home poden ser satisfeitas na súa Terra, nos dominios do Graal.

53.– E que significa a Lanza posta dereita do Graal?

– O casamento do Ideal coa Tradición, da Esperanza coa Lembranza.

FIN DA DOUTRINA



NOTA: A orde de Cristo de Portugal é a continuación da Orde do Temple da que poseeu os segredos, nos cuaes estaba fondamente iniciado o Sabio Rei Don Diniz, coñecementos que foran trasmitidos de xeneración en xeneración na Casa Real Portuguesa, principalmentes nos Reis da Casa d'Aviz.



RITVAL DA MOI NOBRE ORDE GALEGA DO SANCTO GRAAL.

Titulo I Do Templo da Orde.

§.– A Orde non ten mais qu'um sólo Templo, qu'é o Monsalvat; todolos outros Templos son somentes imitanza e repersentación d'aquil Templo Único.

O Templo será cadrangular oblongo: n-un testeiro, a porta, do lado Oriental; n-outro testeiro, do lado Ocidental o Altar. — Do lado esquerdo do altar, estará o Trono do G. M. y-a un lado y-outro d'il, dous bancos comidos pr'os Capitulares, e defronte, os bancos pr'os Cabaleiros Profesos. Os Postulantes estarán de pé, ond'a porta. — Podendo ser, as paredes estarán cobertas con colgaduras, o chao coberto c'unha alfombra verde –(color da Terra)– y-o teito pintado d'azul, e sobr'il en ouro as costelacións, y-a Galaxia ou Camiño de Santiago, indo dend'a porta hastr'o altar. — Os bancos serán de pau.

O Trono do G. M. será un sillón de brazos, coberto c'un gran paño de damasco bermello, y-ós pés terá unha almofada de veludo da mesma coor.

O Altar será unha mesa con frontal e mantel. De retabulo servirá o Estandarte da Orde. Diante estará a Urna qu'encerra o San Graal, en figura de castelo, con portas e cortinas. Na mesa pousaranse: o Corno de Bresgán — A Espada d'Artús — a Espada do Ritual — o Libro da Orde.

N-o Templo haberá unha campáa. O alumbrado sera de cera.

Titulo II Das cousas litúrxicas.

O San Graal estará repersentado por un Caliz baixo, grande, de forma romànica ou orixinal, con duas asas. Estará coberto c'un paño branco de tiriñ, e metido n-unha urna en figura de castelo.

COPA DO SANT GRAAL

O Corno de Bresgán estará repersentado por unha trompeta de bronce ou de corno, con decoración céltiga, e terá bandolera pra penduralo.

A Espada d'El-Rei Artús será do estilo do século XI ou XII, y-estará metida n-unha vaina de coiro con abrazadeiras, e conteira, e adornos.

A espada ritual será do mesmo estilo, pro non terá vaina y-estará sempre espida.

O libro da Orde será escrito a man en pergamiño con letra gótica e viñetas e mais ilustracións en cores e ouro, y-estará encadernado con'os Evanxeliarios irlandeses, que chaman d'arte celto cristiao.



ESTANDARTE DA ORDE

O Estandarte da Orde será de seda branca cos bordados que s'indican no debuxo adxunto.

A Taboa Redonda estará repersentada por unha mesa da forma que indica o seu nome, e que se cobrirá con un mantel branco pr'ós agapes.



A. Altar
G. Grada
B. Bancos
T.- Trono
P. Porta
L. Cap - Lugar pr'ós Capitulares
L. C.- Lugar pr'ós Cabaleiros
L. P.- Lugar pr'ós Postulantes

PLANO DO TEMPLO

Titulo III. Da rececion de Postulantes. O que queira ingresar na Orde do San Graal coma Postulante, escolleirá dous Cabaleiros Profesos que lle sirvan de Padriños, respondan por il e fagan no seu nome a solicitude ô Capitulo. Recibida a solicitude pol-a Sua Eminencia o Gran Canciller da Orde, iste dará conta ô Capitulo, y-o Capitulo votará a admisión ou non admisión por bolas brancas e negras. Unha soia bola negra, o solicitante será rechasado.

Se fora admitido, será citado por mildeo dos seus padriños pra comparecer no Capitolo.

O Capitolo ten que ser pleno y-asmutaráse no Templo da Orde.

Os Padriños conducirán ô Candidato cos ollos vendados y-as mans atadas; levaranno a unha habitación onde non haxa mais qu'unha mesa y-unha silla, quitaranll'a venda, libraranll'as mans, e deixaranno solo, pechado con chave unha hora. O Candidato non deb'estar advertido d'esto. —— O cabo d'unha hora entrarán de novo os dous padriños e mais o Asistente xeneral da Orde, vestidos co hábito e coas caberas inteiramente cobertas con capuchas brancas que non deixaran ver sinn os ollos, e o Asistente xeneral dirixirá ô Candidato as perguntas seguintes:

— Eres Fulan de Tal?
— Quereste entrar na nosa Orde con vocación irrevocabel?
— Sabes ô que te comprometes?
— Que simbolisa a Orde do San Graal? (Pergunta 1 - Cap. da Doutrina)
— Que simbolisa a Copa do San Graal? (Pergunta 30 - Cap. da Doutrina)
— Que simbolisa a Estrela posta dentro do Graal? (Perg. 53 - Cap. da Doutrina)
— Sabel-a Estoria do Graal? (Capitulo da Doutrina)

Respondidas axeitadamente, o Asistente dirá: — Escoita con atención. — e dará lectura ô compromiso, que levará xa escrito, con voz crara e solemne. — e logo: — Pensa ben o que vas facer; aínda estás a tempo pra te arrepentir e volver atrás. Medita no silencio, e qu'o San Graal di'alumee o entendemento. — E saíranse e deixaranno sólo, pechado con chave, co compromiso escrito, tinteiro e pluma riba da mesa. ——— Ô cabo d'unha hora, volteráns a entrar, e o Candidato firmará o compromiso, e os Padriños co-il, coma testigos. O Asistente recollerá o papel, para que o refrende o Gran Canciller da Orde, e volveráns a vendar y-atar ô Candidato pra levalo ô Templo.

No Templo, o altar estará velado con cortinas. Diante d'il estará o trono do Gran Mestre, y-os seus lados de pé estaráns: â dereita o Gran Canciller coa Espada d'El-Rei Artus; o Gran Intendente estará co Estandarte da Orde, o Asistente xeneral coa coroa do Gran Mestre; â esquerda o Proto-Asesor con libro da Orde, o Gran Tesoureiro co Corno de Borcogan e un Capitular coa Espada Ritual. — Os cabaleiros, de pé, terán cada un sua vela de cera acesa. — A porta estará pechada con cerrojos.

Un dos padriños dará cinco golpes na porta.

Voz d'adentro — Quen chama â porta do Templo?

Padriño — O que ven cheo d'ansias de traballar pol-a groria do Graal.

Abres'a porta, entran, e fan postrar de xeonllos ô Candidato diante do Gran Mestre.

O Gran Mestre — Que è o que ~~queres~~ ves buscar n-iste sitio?

Candidato — Busco o camiño que leva ô Monsalvato, ond'è s'~~esconde~~ atopa o San Graal.

O Gran Mestre — Grave è a empresa pr'as tuas poucas forzas.

Candidato — O San Graal daranme forzas pra ela, anque en sepa indino.

O Gran Mestre — Sabes qu'en canto poñas-o pé nise camiño xa non poderás volver atrás?

Candidato — Na porta deixei o nome antigo, pra me vestir do nome novo.

O Gran Mestre — Como se chama o nome novo?

Candidato — Chámase Percevel.

O Gran Mestre — Hai algun dos presentes que poda notar no Candidato algun empedimento pra

seu ingreso na orde? .... O Moi Eminente Gran Canciller da Orde vai leer o compromiso firmado por iste Candidato.

O Gran Canciller da lectura ô Compromiso con firmas e todo.

O Gran Mestre — Acentades iste compromiso?

Candidato — Acento.

O Gran Mestre — Xuradesvos pol-a vosa honra mantelo sempre?

Candidato — Xuro

O Gran Mestre — Prometes de cumprilo, pase o que pase?

Candidato — Prometo.

O Gran Mestre — Quedas admitido com'irmaun postulante da Moi Nobre Orde Galega do San Graal. Que pola Graia do Mystérico Santo fiquen ceibes as tuas maus (un padriño desata as maus do Candidato) e qu'a sua luz alumee os teus ollos (outro padriño quitalle venda dos ollos)

Todos — Amén. (O tempo todos descobren o rostro).

Entón, se se pode unha orquesta ou un órgao debe deixar ouvir o Himno do Graal, do Parsifal, que todol-os Cabaleiros deben cantar... As cortinas do Altar vanse descorrendo lentamente deixando velo Altar cheo de luces y-o San Graal descuberto e resplandecente na sua cámara... Rematado o himno, o Gran Mestre dirá:

— Xa eres un mais antr'os irmaus congregados estreitamente arredor do Monsalvato; xa eres un soldado da Causa Groriosa do San Graal purificador e dador de Vida; xa estás alistado conosco baixo a bandeira augusta que tremola no cume sagro do Monte Cebreiro. Os ventos furiosos das humanas paixons, no vosso tempo desatados, non conseguirán abatela, porqu'ela é mais forte qu'os aires, porqu'esta afincada e chantada na Terra; só conseguirán fagnela ondeiar con mais groria, coma se foran ventos de triunfo. O teu deber é defender esta bandeira qu'é a do Ideal da tua Raza e a Tradición da tua Terra, contra todo e contra todos, propios y-alleos, cos teus pensamentos, coas tuas verbas, cos teus feitos. D'ose mais pertences a esta Causa Groriosa, e por ela has dar o teu exerto, o teu fogar, a tua facenda, a tua vida. Obedecerás lealmentes á Orde e non perderás mais qu'un servila... Si de tal xeito fas, terás honra e proveito, serás estimado dos teus irmaus, e Deus nosso Señor che premiará coa par da concencia e coa sabencia y-a groria... Mais, se por disgracia tua ou mal consello crebaras a tua palabra, ou faltaras ô teu xuramento e compromiso, entón, que sepas de todos odiado e despreciado coma perjuro, e traidor, e mau cabaleiro, qu'a tua vida s'apague con'estas candeas, e qu'as trevas mais densas envolvan a tua alma por toda a eternidade...

Todos — Amén, — e volvendo as velas cara'o chao, apagaranas dun golpe, namentras s'apagan tamén todal-as do Altar ficando todo nas escuras, por completo.

Entón o Asistente Xeneral, colle por un braro ô Candidato, e sacudindoo, despídeo coas verbas de Gurnemanz a Parsifal no primeiro auto:

— Fuxe d'eiqui, estúpido, lacazán, besta, vai pr'onde vivedes, ond'as cabras do monte.

Titulo IV. Do Cruzamento de Cabaleiros. O Postulante qu'estea ben imbuido do espito da Orde, pode pedir de se enrear Cabaleiro. Este trámite é igual que pr'ôs Postulantes. O dia marcado presentarse-os seus padriños ô Capitulo, qu'estará costituido coma pr'á recepción de Postulantes. O Postulante porase de xoenllos diante do Capitulo

O Gran Mestre — Eres ?muan Postulante?

O Postulante — Ti mandaches abril-os meus ollos á Lur do San Graal.

O Gran Mestre — Que gracia ves pedir a iste Capitulo?

Postulante — A de sentarme na Taboa Redonda.

O Gran Mestre — Coñecel-a Doutrina da Orde.

Postulante — Levo en min a Lur do San Graal.

O Gran Mestre — Responde, logo.

O Proto-Asesor dirixirá ô Postulante diferentes perguntas sobr'o Simbolismo y-os Mysterios da Orde, e pediralle as esplicacións que crea oportunas. Respondidas satisfaitoriamentes, O Gran Canciller leerá no Libro da Orde o Compromiso dos Postulantes y-os tres votos dos Cabaleiros.

O Gran Mestre — Esta noite vas velar as armas. (L'indicaralle n-unha mesa, o casco, a espada, a espora)

O Intendente xeneral meterálle unha laurza na man e dirálle:

— Vixila e non teñas medo da y-alma nin do home, dos espritos nin dos corpos, da vida nin da morte. — E deixaranno solo no Templo, sen máis lur qu'unha lampara d'aceite, e pechado con chave. Ô chegar a hora, soará unha trompeta, abrirase a porta, e entraráu dous cabaleiros enmascarados, en silenzo, e poranse a acender as luces do altar, alumaráu dous incensarios e poranse a incensar o Templo, en silenzo, sen qu'o Postulante lles deba nin abrir a boca, nin eles lle dean fala. — Soará de nova a trompeta y-os cabaleiros en duas filas con velas acesas iráu entrando lentamente no Templo e poñendose nos seus postos. Ô ultimo virá o Gran Mestre, que se sentará no seu trono á esquerda do Altar. — Soará de novo a trompeta, e o Gran Intendente collerá o Estandarte da Orde, e dando coll tres golpes no chao, dirá:

— ~~O Rei Artús está ferido na illa d'Avalon; hai un posto vacante na Taboa Redonda; o Mousalvato está desamparado; quen é o que quer defender esta bandeira?~~

— O Rei Artús está ferido na illa d'Avalon; hai un posto vacante na Taboa Redonda; o Mousalvato está desamparado; quen é o que quer defender esta bandeira?

Postulante —

O Gran Mestre — Quen és ti?

Postulante — Fulan de Tal, ?muan Postulante da Moi Nobre Orde Galega do San Graal.

O Gran Mestre — Ven ond'a nós. — O Postulante ponse de xoenllos diante do G. M.

O Gran Mestre — Queres defender esta bandeira coma Cabaleiro Profeso da Orde do San Graal?

Postulante — Quero.

O Gran Mestre — Mantés o teu compromiso d'?muan Postulante?

Postulante — Manteño.

O Gran Mestre — Xuras de non t'arredares nunca, mais da Orde, de serviros integramentes ôs seus fis nos teus pensamentos, verbas e feitos, d'Obedecer ô Capitulo e de dar pola Orde o teu crecto, o teu fogar, a tua facenda e a tua vida?

Postulante — Xuro

O Gran Mestre — Xuras de tomar parte en todalas cerimonias e autos da Orde e de prestares apuda con todo o teu esforzo ôs seus fis, no espiritual e no temporal?

Postulante — Xuro

O Gran Mestre – Xuras de gardar inqueroso ileuro sobre todal-as cerimonias, usos e doutrinas da Orde?
Postulante – Xuro
O Gran Mestre – Si eri noro fiseres sepas maldito e desperado de Deus e dos homes, e infame o teu nome e mancliada a tua honra por sempre xamais
Postulante – Se non cumpro isté xuramento quero ser maldito até.
Un Capitular entregará ô G. M. a Espada Ritual. O G. M. enguendoa ô ceo, dirá:
– No nome do Santo Graal resprandecente no cume do Monte Cebreiro, en arnerte cabaleiro. Sepa pro eterno triunfo e groria do Ideal da Nara Celtiga e da Tradición da Terra Galega.
Todos – Amen
O G. M. dalle o espaldarazo e di:
– Erguete, Cabaleiro. —— Érguese y-abrazanos todos namantras sona o himo do Graal.

Titulo V. Dos Capitulos. O Capitulo solene teráse no Templo, coas cortinas do Altar botadas, vestidos os Cabaleiros co hábito da Orde, Cada Cabaleiro que queira entrar, chamará con cinco golpes na porta do Templo; o Aristente xeneral ou o Mestre de Cerimonias tomaralle a verba de paso e franquearalle a porta, que se volverá pechar. Ninguén s'asentará sen orde do G. M. Apuntados qu'estean, o Aristente xeneral tocará a Campáa do Templo. Logo irá diante do G. M. e dirá:
– Soberán Señor: a hora ~~de Capitulo~~ sonou: Vosa Maxestade pod'abril-o Capitulo da Moi Nobre Orde Galega do San Graal
O G. M. – Noi hai eiqui ninguen profano?
O A. X. – Hai eiqui algun profano, algun impio, algun curioso? Si o hai, que salga fora!
Todos – Afora os profanos! (Tres veces se repite esta fórmula polo A. X. y-os Cabaleiros).
O A. X. – Non hai ninguen profano.
O G. M. – Abrese o Capitulo.
O Gran Canciller quetará diante un facistol co libro da Orde, levará n'il as Constitucións. Ari que remate:
O G. M. – Cabaleiros: xurades mantar por sempre estas Constitucións?
Todos. – Xuramos (estendendo a man dirichta cara'o G. M.)
O G. M. – Xurades defender sempr'a Causa y-a Bandeira do San Graal cos pensamentos, verbas e feitos?
Todos – Xuramos.
O G. M. – Sentaivos, Cabaleiros (Sentanse todos).
O G. M. – Algun de vos ten alguna queixa o petición que presentar ô S. A. o Soberano Capitulo da Orde?
O Gran Canciller dá conta do que haxa. O cada cousa
O G. M. – Que tendes que manifestar sobor de esto? O que ten que decir fala, sempre por orde de dirichá na Orde, e resólvese por votación. Concluido que sexa:
O G. M. – Algun Cabaleiro ten algo que manifestar ou pedir ô Soberano Capitulo?
O Proto-Asesor dirixirá outor ôs presentes unha plática sobre da doutrina da Orde, pra edificación dos Cabaleiros, e rematada, o Aristente xeneral, inanzarase diante do G. M. e dirá:
– Soberán Señor è chegada a hora: Vosa Maxestade pode dar fin ô Capitulo da Moi Nobre Orde Galega do San Graal.
O G. M. érguese e di: – Cabaleiros; o noso traballo remata. Separémonos en paz. (Séntase)
Van saindo por orde de menor antiquidade, inclinándose diante do ~~Graal~~ Altar e do Gran Mestre.

Titulo VI. Dos Agapes. O Ágape é unha cerimonia de fraternidade antr'os Cabaleiros. Celebrarase ó redor da Táboa Redonda, no Templo da Orde. Principiará con'o Capitulo solene, inastr'a lectura inclusive das Constitucións, y-o xuramento. Outor dirá o G. M.
– Cabaleiros: a Táboa Redonda nd'o Noso Señor cos Apóstolos foi atopada por Ambrosio Merlin, o Sabio meiorande da nosa Raza e depositario de todal-as nosas tradicións. Merlin levounna pra Kardeuil, onde tiña a sua corte El Rei Uter Pendragon, y-ali, no dia da Pascoa de Pentecostés, istituiuse a Santa Orde da Táboa Redonda, da cual a nosa è

a continuación, e foi que n'ela se sentaron cincocenta cabaleiros e homes de ben do Reino que xuraron como nós xuramos de manter sempre o Ideal y-a Tradición da nosa Nasa e da nosa Terra. Y-en verdade vos digo que si nós agora nos sentamos arredor d'esta Taboa que d'aquela é representación e figura é por nos imitarmos a eles na fraternidade e na fé qu'os apuntaba e mais na xeneresidade e boudade dos seus pensamentos, verbas e feitos que todos nos temos esforzar en imitarmos. Y-a Orde da Taboa Redonda, que se perdera, foi restabelecida polo noso dorado Rei Artiu, que na illa d'Avalon agarda que sepan chegadol-os tempos, e perdese de novo cando Artur foi por traición vencido nas duas da Liuria polos Mouros da Hespaña, mais nós vimos a restabelecela de novo e sonadas precursores da Terceira Orde da Taboa Redonda que será fundada cando veña o qu'agardamos. Polo tanto, en vos compuro, cabaleiros, a que meditedes ben no auto qu'imos realizar, de comunión antre vós todos e mais coa Terra qu'a todos nos sustenta e mantén y-á que tendes xurado fidelidade, e también a que sepades antre vós comí irmaus, como Parsifal puros e limpos de curazón, amantes da verdade, da belera e da xustiza, aborrecendo a iniquidade, a frivolidade dos y-os vicios, honrados Cabaleiros e perfeutos galegos.

Todos — Amén.

O Gran Intendente e o Gran Tesoureiro suben ô Altar e traen a urna do Sau Graal, namentral-a Asistente xeneral y-outro Capitular estenden na mesa un pano litúrxico. Poñen a urna na mesa e van buscar duas xerras: unha con leite y-outra con mel, que terán na man, hastra que non sepa tempo. O G. M. — Sentaivos, cabaleiros. Sentanse todos. O G. M. abre a urna e saca o Graal. O G. M. — Veleiquí a Copa da Salvación da nosa Terra. Soma o himo do Graal... O A.X. yo Cap. levan a urna pro Altar. O G. T. entrega a xerra que ten ô G. M.

O G. M. — Veleiquí o branco leite da vaquiña mareta ou bermella que vai pinicando cos seus beizos carnudos as herbas zumosas da Terra... Bótao no Graal... O G. T. entrega a ma xerra.

O G. M. — Veleiquí o docisimo mel, bálsamo d'ouro, doce d'dubare, zugado polas abellas nas frores dos nosos eidos... Bótao no Graal...

O G. M. — Lis a ofrenda do leite e do mel, sangue da Terra... Pra materializal-a esencia da nosa Terra dentro do noso corpo, pra sentilo ferrovar no noso sangue, bebamos n-esta copa de groria e saudade.

O G. C. — O Sau Graal é a copa ond'os escoleitos beben a comunión co sangue da nosa Terra

O P. A. — A Taboa Redonda é a comunión dos Bós e Xeneraos antr'eles e cos seus devanceiros, os Heroes da Nasa e da Terra.

O G. M. — Lis a ofrenda do leite y-o mel... Bebe e pasa ô da direita e van bebendo todos hastra voltar ô Gran Mestre.

O G. M. — Qu'o sangue da Terra vos reconforte e vos dea nova vida, com'o xigante Anteu.

O P. A. dirá unha plática sobre simbolismo da cerimonia. Antes recollen as xerras e o Graal Rematada faise como no capitulo solem[illegible]

Titulo VII. Do Mystéreo do Graal. Este é o Mystéreo Supremo da Orde, o Grande Auto Relixioso d'ela. O Templo estará de gran gala, na disposición dita no principio. Todal-as luces acesas, abertas as portas da urna do Graal, mais coa cortiniña botada. Farase en todo, como no capitulo solemne hastr'o xuramento inmediatos. Entón o Gran Mestre dirá:

— Vaise principiar a cerimonia mais augusta da nosa Orde. Estades preparados pra ela de corpo e d'espirito?

Todos — Estamos preparados.

O G. M. — Esta cerimonia é a prefiguración do Augusto Mystéreo que ha ter lugar cand'os nosos tempos sexan cumpridos... Entón o verdadeiro Sau Graal será manifesto ôs ollos y-o curazón dos escoleitos... D'aquí ál será manifesto, o Mal ficará pra sempre vencido, y-o triunfo groriozo da nosa Nasa e da Tradición ficará afirmado pra sempre.

Todos — Amén.

O G. C. lerá no libro da Orde o Capitulo do Sau Graal. Seguidamente, o P. A. pronunciará unha plática sobr'o siñificado do Mystéreo do Sau Graal. — En todo iste tempo, dous cabaleiros estarán apitando incensarios con incenso e aromas. Sagral se queimará en varios pebeteiros arredor do Altar....

O G. M. — No Silenzo e na Paz, meditemos xuntos, queridos irmaos.

Todo fica en silenzo por dez ou quince minutos de preparación mental, nos que os Cabaleiros deben meditar ben no que ali vai pasar... Parado o tempo, a orquesta, podendo ser, principiará Os encantos do Venres Santo do Parsifal de Wagner. O G. M. erguese cos capitulares e dirixense ô Altar. [illegible] Aberta cortina da urna deixando manifesto o Graal. Os Cabaleiros todos cairan de xocellos e cantaran o himo do Graal... O G. M. colle a copa, faise un silenzo, o G. M. volvese cara os presentes co San Graal collido pol-a parte estreita. Do soporte coa man dereita, y-a esquerda por debaixo do pé:

O G. M. — Santa Terra: ofrecémosche iste sangue simbólico, [illegible] en lembranza do sangue precioso dos héroes da Raza. [illegible] Polo sagro Mysterio do qu' iste cáliz é lembranza na Comunión cristiá, queira o Deo bendecir iste sangue y-o noso esforzo redentor da Terra.

Todos — Amén.

Rompe a orquesta de novo, e ô chegar ô tema do Graal, o G. M. ergue lentamente a copa por riba da sua testa... Lentamente volvese e pon o Graal na urna, cor'a cortina e baixa do Altar.

O G. M. — Cabaleiros, o Mysterio rematou, separémonos en paz... Van saindo como no Capitulo solene.

Titulo VIII. Da recomposición da Espada. Esta cerimonia terá lugar cand' haxa membros galegos e portugueses da Orde axuntados. Diante do Capitulo constituido. Chaman á porta

O A. X. — Quen chama á porta do Templo?

Atora — Un que precisa a [illegible] poderosa axuda dos Cabaleiros do Graal

O A. X. — Quen pide a nosa axuda?

Atora — Un Cabaleiro desvalido

O A. X. vaise inclinar diante do G. M. — Soberán Señor: un Cabaleiro desvalido solicita a [illegible] axuda dos Cabaleiros do San Graal.

O G. M. — Que entre aispirita.

O A. X. fai franquear a porta, e entra un Cabaleiro vestido de loito que se vai pôr de xocellos diante do Gran M. O G. M. — Sodes vos o Cabaleiro desvalido que solicita a nosa axuda?

O Cabaleiro enloitado — Eu sou, soberan Señor.

O G. M. — Erguei-vos e sentai-vos, Cabaleiro. (Dous Capitulares poñen unha silla pro Cabaleiro cubrita-se frente por frente do G. M. Outro traille u-unha baldeixa unha copa de viño).

O G. M. — Bebei e confortai-vos, Cabaleiro; traguedes moito camiño?

O C. E. — Xa din moitas veces a volta ô mundo

O G. M. — Y-hai moito tempo qu' andades en peregrinaición?

O C. E. — Dende qu' El-Rei Artús caeu na batalla da Liinia.

O G. M. — Que causa vos trai a correl-o mundo?

O C. E. — A mesma que me trompo â presencia da Nosa Magestade.

O G. M. — Logo, en que vos podemos ser de servizo?

O C. E. érguese, pon un pano no chao, e riba d'il pon a Espada del Rei Artús... — Señores: tend'a bondade d'examinar esta espada: (saca da vaina a mitade, saod'a vaina e cai a outra mitade): Señores: a miña alma non pode ter alonga, mamentras non atope quen poda soldar os dous pedaros da espada... Eu e eu, e mais mil e mil cabaleiros atopei no camiño, e a todos lles presentei a espada partida, sen que ninguen fora capaz de compoñela, mais vos que sodes-os custodios do San Graal, prègovos que probedel-as vosas forzas.

O G. M. — Quen dos presentes quer probar d'acometel-a empresa?

Tres cabaleiros proban de recompoñel-a Espada sen resultado, cando vaian collel-a ô pôr riba

O C. E – Collídea, Señor, coiste pano, ou nada poderedes faguer coela ... Probadas os tres, ô adiantarse o 4º, o P.A. diterás, e dirá:
– Nou vos causedes, Señores, que ningún de nós pode pol-o d'agora dar cima a esta empresa, qu'está reservada pro reconquendor do San Graal, e restaurador definitivo da Táboa Redonda, o qu'ha congregar a tódal-os pobos célticos co corno de Bretogan dend'o Faro dos Brigantes, aquil que os celtas do Norte chaman Artús, y-os celtas do Sur chaman Sebastian, e que na leenda profética chámase Perceval, aquil a quen nós vimos anunciar e preparar o camiño...
O G. M.– Tes razon, Eminente irmaun e Cabaleiro, mais hemos deixar ir sen consolo a quen nos ven pedir cousa tan conforme ô noso estado y-exercício? ... Se sondal-os precursores da Terceira Táboa Redonda y-os demandantes do San Graal, fagamos o qu'estea na nosa maun: ateamos fortemente ises dous pedaços da Espada en expresión da nosa firme vontade e forte intención de velos soldados pra sempre, e qu'esta simbólica cerimonia teña pra mañan nulha máxica virtude...
Todos – Seyá como dis, Soberaun Señor...

Luton un galego e un portuguès, colleràn os paus os dous pedaços da espada, y-apuntándoos, ataràns'un cordón teñido cos colores das duas nacións. O C. E. colleá entón a espada y-erguerá cara'o Ceo: os cabaleiros caen de xocullos e cantan o hino do Graal. Rematado,

O G. M. – Pol-a virtude da escelsa do Santo Graal fiques soldada, limpa e brilante com'a y-alma da Raza, apuntada pra sempre n-un comun ideal, escintilante na maun augusta do Restaurador prometido n-as duas Terras d'unha soia alma! Cabaleiros e irmaus: renovemos o noso xuramento sobr'esta Espada.

O C. E. tende a espada, o G. M. toma o xuramento, e os cabaleiros van poñendo a maun dereita sobre a espada. Logo, o C. E. vai poñela Espada no Altar.

Titulo IX. Da Reprobación dos Cabaleiros. Cand'un Cabaleiro crebara o seu xuramento, acordada polo Capitulo a reprobación, celebrarase capitulo solene que se principiará coma todos. O G. C. dará conta do feito do Cabaleiro

O G. M.– O Soberán Capitulo da Orde do San Graal acordou declarar ô Cabaleiro Fulan de Tal incurso en reprobación, e coma tal debe ser espulsado da nosa comunión augusta. Algún Cabaleiro ten algo qu'alegar en descargo do condenado? — Silencio. Luton distribuense as velas aos outros Cabaleiros, acesas, com'as do Altar.

O G. M.– Fulan de Tal, traidor, perxuro, maun cabaleiro, Nós o Soberán Capitulo da ~~Orde~~ Nosa Nobre Orde Galega do San Graal, por canto crebaches a tua palabra e faltaches ô teu xuramento, espulsámosche d'aquí nós por sempre. Sexas maldito; sexas odiado e despreciado; pupa a par da tua conciencia, acórete o remordemento, vivas en eterna vergoña, apagues'a tua vida com'estas candeas, e qu'as trevas mais densas envolvan a tua y-alma por toda a eternidade.
Todos – Amen. e apagan as candeas outr'o cras e tamén s'apagan as do Altar, quedando todo ás escuras.

COUSAS TRANSITORIAS

A Orde poderá ser fundada por 12 Cabaleiros — Podendo, débeo ser no monte Cebreiro. N'iste caso o Ceremonial pode ser:

A) Xuramento de todos iles.
B) Prestación de votos.
C) Leutura e firma das Constitucións.
D) Agape fraternal.
E) Mystéreo do Graal.

Seria conveniente qu'antros 12 houbera pol-o menos un que fose Cabaleiro Cruzado d'unha d'estas Ordes: Santiago.
Montesa.
Cristo de Portugal.
Santo Sepulcro.
San Xohán de Xerusalem.

Só teria títullo lexítimo pra cruzar e armar Cabaleiros ós demais, e entón, a puntaura principiaría por esta cerimonia.

LAVS DEO



A ESTRELA DO APOSTOLO

A : ESTRELA : DO : APOSTOLO

ocedeu que despoys da morte groriosa do Nosso Sennor Iesu Christos, o seu Santo Apostolo nosso Sennor Sant'Yago, en companna con Joseph d'Arimatheia chegaron polo mar aas ribeiras da nossa Terra Galega, para padrical-o Evangeo a nossos avós que eran pagaos. E uinnan guiados por huma estrela que lles aparescera en o Ceo, aló na Terra Sancta, e logo que a víu o Santo Apóstolo aixinna reconneceu ser aquela mesma que aos israelitas marcara o caminno pra sairen do Egipto, e chegaren aa Terra de Promision, e a que logo trouguera aos Santos Reys Magos cara ao Portal de Belen onde nasceu Nosso Sennor Iesu Christos, e logo que o tiuo adevertido, dixo lle a Joseph d'Arimatheia: Ai Joseph, veleiquí a Estrela que Deus Nosso Sennor, en a sua infinida sabencia e misericordia foy seruido de nos enuiar para que leuemolo caminno que ela nos marca; e de certo che digo que assí como esta

Estrela leuou aos fillos do meu tocaio Jacobe cara aa Terra de Promision, eleyta de Deus, que oje chamase Terra Santa, assí tamén agora ha-nos leuar a nós dereytamente a huma noua Terra eleyta de Deus, Terra de Promisión, que como a nossa que

imos deyxar, ha ser prouada por moytas penas e calamidades que lle ha impoor o jugo extrangeiro, prouas com as que Deus quer poor en juizo a Ffée, a Esperança e o Amor dos seus fillos, tendoos coma tiuo aos fillos de Israel longos anos en captiuidade; mays como eu quero sosteelos sempre en os seus qrevantos, digoche en uerdade que morra eu onde morrer, quero que os meus óssos seian traguidos a descansar para senpre en aquela noua Terra que ha ser a minna segunda patrea, da que hey levar o nome, porque no endeante os homes mays me han creer galego que israelita, e non hey ser chamado Sant'Yago Zebedeu, senon que Sant'Yago de Galiza será o meu nome.

E embarcaron os dous e foron cara o oucidente e deante de eles iba caminnando en o Ceo a Estrela miragreira a que ao andar iba deixando en no Ceo un ronsel de luz que alí ficou para sempre, e de Galiza onde uinna dar recibeu o nome de Galaxia, e tamen o de Caminno de Sant'Yago, porque foy o que il troujo para uiir a Galiza.

E chegaron e convertiron e bautiçaron aos Galaycos nossos avós, mays logo tiueron que dar a uolta para Palestina e alí o Santo Apóstolo recebeu croa de marteyro e cando morreu, Joseph d'Arimatheia lembrouse das ueruas do Santo Apostolo que lle dissera cando lles apparesceu a Estrela, que o leuasse a repousar a Galiza. Enton apannou os restos de Sant'Yago e il e os discipolos que foron chamados os Varoes Apostolicos, emprenderon nouamente para Galiza, seguindo o ronsel que a Estrela deixara en o Ceo, e chegados que foron meteron o corpo do Santo Apostolo en huma Arca Marmorea e soterraron a Arca num campo debaixo do Pico Sagro, que foy a pirmeyra sede dos Caualeiros do San Graal, que com il traguía Joseph d'Arimatheia. E alí estiuo onrrädo de

todos o Corpo do Apostolo e mays tamen a Sancta Copa, namentras que non uinneron os mouros e se fixeron donos do Pico Sacro e de toda a Terra de Galiza, que foy moyta tristura. Que enton os Caualeiros do San Graal tiueron que fugiir con a sua reliquia para o monte Cebreyro e ficou esquecida a sepultura do nosso Sennor Sant'Yago que quissera descansar nesta nossa Terra para ser nela o anunciador perpetuo da sua saluacion e da sua eternidade.

Mays cando os cristiaos reconqueriron o reyno de Galiza e os mouros do Pico Sagro ficaron encantados coos seus tesouros nas entranas do monte, huma noyte uiuse locir a Estrela miragreira do Santo Apostolo en o campo que hai debayxo do Pico Sagro, o que foy uisto polo Bispo de Iria Teodomil, e descobriuse a Arca Marmorea onde estauan os restos de Sant'Yago e enton fixeron a Igreja de Sant'Yago e a uila de Compostela e uinneron a Galiza os cristiaos do mundo inteyro para adouraren ao nosso Santo Patron e Papa Calixto decrarou que tanto ualía que uinneran a Sant'Yago coma que foram a Hierusalem poys si Terra Santa era aquela tamen esta de Galiza é Terra Santa. Mays non se atopou o San Graal, que cando o Arcebispo Gelmires determinnou de buscalo o Santo Apostolo apareceulle e dissolle: Non te canses porque por mays que fagas, non está reseruada para ty esta auentura, e buscarás e non acharás, porque o que atopar o San Graal ten que estar por inteyro ao serviço de Deus e da su Terra de Galiza e non ao seruico de rei ningún nin imperador nin sennor extranno e somentes aquil o ha consagrar que chaman o Restaurador da Patrea que ha uiir encoberto e ha chamar por todolos fillos desta Terra espallados polo mundo inteyro sonando no Corno de Breogan dendo outo do Faro dos Brigantes. Sosega poys, meu amado seruo e agardemos a que os tempos seian chegados.

E cando o reyno de Galiza foy de todo sobmetido aa domennacion dos reys de Castela, ao certo tempo, o corpo do Santo Apostolo perdeuse de no-

uo coma cando foy dos mouros e assí estiuo moytos años. Mays despoys foy atopado por dous fillos omildes do pouo que eran dous artesaos que era a unica clás que ja ficaba engebre, os quales estauan trauallando na Igreja de Compostela, e a iles foy que o Apostolo se quis miragreiramente reuelar o qual foy o anuncio de que iban chegar os tempos. E por isso foy que un dos canteyros que andauan en obra en o abside da Igreja uiu de pronto o resprandor da Estrela miragreira o qual era tanto que o home cegou da sua luz e assí se conneceu que alí estaua o corpo do Santo Apostolo.

E esto quere dizer coma nós deuemos ser boos e omildes e engebres como eran aqueles boos artesaos para uermos tamen a Estrela miragreyra, poys a Estrela ha lozir de nouo na prenitude dos tempos para a nossa Terra.

VICENTE RISCO.

Grav. en buxo, de Castelao.

ISBN 84-453-2174-9

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA